



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 349

IX lexislatura

1 de outubro de 2014

Fascículo 1

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.3. Proposicións de lei dos grupos ou deputados

- 27653 e 27779 (09/PPL-000029)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Proposición de lei de publicidade institucional galega [80666](#)

- 27647 (09/PPL-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Proposición de lei de publicidade institucional de Galicia [80677](#)

Proposicións de lei retiradas

- 20401 (09/PPL-000024)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Proposición de lei de derogación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia [80660](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

- 27728 (09/MOC-000091)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 24913, publicada no BOPG nº 317, do 16.07.2014, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014) [80696](#)

- 27729 (09/MOC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción naval civil en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 23066, publicada no BOPG nº 290, do 14.05.2014, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014) [80698](#)

- 27747 (09/MOC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 11666, publicada no BOPG nº 153, do 05.09.2013, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014) [80700](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

- 27622 (09/PNP-002018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os cidadáns que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave [80702](#)

- 27490 (09/PNP-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento, antes do remate do ano 2016, dos compromisos referidos á construción dunha nova estación depuradora de augas residuais no concello de Monforte de Lemos [80706](#)

- 27496 (09/PNP-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento da Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial [80709](#)

- 27527 (09/PNP-002008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contido do *Código ético e de conduta* aprobado por Abanca e a protección dos dereitos políticos, sociais e sindicais dos seus traballadores [80711](#)

- 27541 (09/PNP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de axilizar o pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas traballadoras galegas de empresas en creba [80714](#)

- 27573 (09/PNP-002010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do réxime de visitas e o acceso das persoas con discapacidade física ao pazo de Meirás, declarado ben de interese cultural [80717](#)

- 27581 (09/PNP-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da competencia exclusiva en materia de enerxías renovables [80720](#)

- 27594 (09/PNP-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de xestión, a dotación de persoal e a apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño [80725](#)

- 27595 (09/PNP-002013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de xestión, a dotación de persoal e a apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño [80728](#)

- 27600 (09/PNP-002014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis

Sobre a reposición polo Goberno galego das axudas destinadas aos concellos para reducir o abandono do sistema educativo antes de

obter a titulación de educación secundaria, así como as orientadas á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación [80731](#)

- 27605 (09/PNP-002015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro [80734](#)

- 27609 (09/PNP-002016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación das vacinas da varicela e da meninxite tipo B [80737](#)

- 27621 (09/PNP-002017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector vitivinícola [80740](#)

- 27642 (09/PNP-002019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións do Valedor do Pobo referidas ao proceso de selección de persoal levado a cabo no ano 2012 para o parque comarcal de bombeiros de Monforte de Lemos [80743](#)

- 27660 (09/PNP-002020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de adscrición das persoas usuarias do centro privado de Povisa aos hospitais públicos [80746](#)

- 27670 (09/PNP-002021)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a correcta etiquetaxe e evitar a fraude na comercialización dos produtos agroalimentarios; en particular, os procedentes da pesca e da acuicultura de Galicia [80749](#)

- 27674 (09/PNP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para afrontar a falta de actividade das embarcacións dedicadas ao xeito [80752](#)

- 27679 (09/PNP-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co novo concerto asinado con Povisa e o proceso de elección pola poboación adscrita a ese centro privado do hospital de referencia para a atención sanitaria especializada [80755](#)

- 27685 (09/PNP-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas valoracións que está a realizar respecto do sector do turismo [80759](#)

- 27693 (09/PNP-002025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para a prestación, durante o horario escolar, dos coidados especiais necesarios a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica [80762](#)

- 27695 (09/PNP-002026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de persoas con fins de explotación sexual [80764](#)

- 27706 (09/PNP-002027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as persoas que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave [80767](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

- 27623 (09/PNC-002326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os cidadáns que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave [80771](#)

- 27491 (09/PNC-002313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento, antes do remate do ano 2016, dos compromisos referidos á construción dunha nova estación depuradora de augas residuais no concello de Monforte de Lemos [80775](#)

- 27497 (09/PNC-002314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento da Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial [80778](#)

- 27499 (09/PNC-002315)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa mellora da seguridade viaria en condicións de néboa densa e/ou vento na autovía A-8, ao seu paso pola provincia Lugo, así como a mellora e o acondicionamento da estrada N-634 [80780](#)

- 27528 (09/PNC-002316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contido do *código ético e de conduta* aprobado por Abanca e a protección dos dereitos políticos, sociais e sindicais dos seus traballadores [80782](#)

- 27542 (09/PNC-002317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de axilizar o pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas traballadoras galegas de empresas en creba [80785](#)

- 27574 (09/PNC-002319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do réxime de visitas e o acceso das persoas con discapacidade física ao pazo de Meirás, declarado ben de interese cultural [80788](#)

- 27582 (09/PNC-002320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da competencia exclusiva en materia de enerxías renovables [80791](#)

- 27587 (09/PNC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector vitivinícola [80796](#)

- 27599 (09/PNC-002323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis

Sobre a reposición polo Goberno galego das axudas destinadas aos concellos para reducir o abandono do sistema educativo antes de obter a titulación de educación secundaria, así como as orientadas á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación [80799](#)

- 27606 (09/PNC-002324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro [80802](#)

- 27610 (09/PNC-002325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación das vacinas da varicela e da meninxite tipo B [80805](#)

- 27643 (09/PNC-002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións do Valedor do Pobo referidas ao proceso de selección de persoal levado a cabo no ano 2012 para o parque comarcal de bombeiros de Monforte de Lemos [80808](#)

- 27661 (09/PNC-002328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de adscrición das persoas usuarias do centro privado de Povisa aos hospitais públicos [80811](#)

- 27669 (09/PNC-002329)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a correcta etiquetaxe e evitar a fraude na comercialización dos produtos agroalimentarios; en particular, os procedentes da pesca e da acuicultura de Galicia [80814](#)

- 27673 (09/PNC-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para afrontar a falta de actividade das embarcacións dedicadas ao xeito [80817](#)

- 27680 (09/PNC-002331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co novo concerto asinado con Povisa e o proceso de elección pola poboación adscrita a ese centro privado do hospital de referencia para a atención sanitaria especializada [80820](#)

- 27686 (09/PNC-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas valoracións que está a realizar respecto do sector do turismo [80824](#)

- 27694 (09/PNC-002333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para a prestación, durante o horario escolar, dos coidados especiais necesarios a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica [80827](#)

- 27696 (09/PNC-002334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de persoas con fins de explotación sexual [80829](#)

- 27707 (09/PNC-002335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as persoas que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave [80832](#)

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento

- 27523 (09/ESEX-000010)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria segundo trimestre 2014 [80836](#)

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de setembro de 2014, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.3. Proposicións de lei dos grupos ou deputados

Admisión a trámite

- 27653 e 27779 (09/PPL-000029)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Proposición de lei de publicidade institucional galega

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei, coa corrección de erros formulada no doc. núm. 27779

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes, e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

- 27647 (09/PPL-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Proposición de lei de publicidade institucional de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes, e para que mani-

feste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Proposicións de lei retiradas

Aceptación da retirada e publicación do acordo

- 20401 (09/PPL-000024)

Grupo Parlamentario Mixto
Iglesias Sueiro, Carmen
Proposición de lei de derogación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
BOPG nº 249, do 05.03.2014

Visto o disposto no artigo 125.2 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acepta a retirada da Proposición de lei e acorda a comunicación do acordo á Xunta de Galicia e a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 27728 (09/MOC-000091)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 24913, publicada no BOPG nº 317, do 16.07.2014, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014)

- 27729 (09/MOC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción naval civil en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 23066, publicada no

BOPG nº 290, do 14.05.2014, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014)

- 27747 (09/MOC-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 11666, publicada no BOPG nº 153, do 05.09.2013, e debatida na sesión plenaria do 23.09.2014)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27622 (09/PNP-002018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os cidadáns que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave

Admisión a trámite e publicación

- 27490 (09/PNP-002006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento, antes do remate do ano 2016, dos compromisos referidos á construción dunha nova estación depuradora de augas residuais no concello de Monforte de Lemos

- 27496 (09/PNP-002007)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento da Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial

- 27527 (09/PNP-002008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contido do *Código ético e de conduta* aprobado por Abanca e a protección dos dereitos políticos, sociais e sindicais dos seus traballadores

- 27541 (09/PNP-002009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de axilizar o pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas traballadoras galegas de empresas en creba

- 27573 (09/PNP-002010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do réxime de visitas e o acceso das persoas con discapacidade física ao pazo de Meirás, declarado ben de interese cultural

- 27581 (09/PNP-002011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da competencia exclusiva en materia de enerxías renovables

- 27594 (09/PNP-002012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de xestión, a dotación de persoal e a apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño

- 27595 (09/PNP-002013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co modelo de xestión, a dotación de persoal e a apertura da Residencia da Terceira Idade do Carballiño

- 27600 (09/PNP-002014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis

Sobre a reposición polo Goberno galego das axudas destinadas aos concellos para reducir o abandono do sistema educativo antes de obter a titulación de educación secundaria, así como as orientadas á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación

- 27605 (09/PNP-002015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro

- 27609 (09/PNP-002016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación das vacinas da varicela e da meninxite tipo B

- 27621 (09/PNP-002017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector vitivinícola

- 27642 (09/PNP-002019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións do Valedor do Pobo referidas ao proceso de selección de persoal levado a cabo no ano 2012 para o parque comarcal de bombeiros de Monforte de Lemos

- 27660 (09/PNP-002020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de adscrición das persoas usuarias do centro privado de Povisa aos hospitais públicos

- 27670 (09/PNP-002021)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a correcta etiquetaxe e evitar a fraude na comercialización dos produtos agroalimentarios; en particular, os procedentes da pesca e da acuicultura de Galicia

- 27674 (09/PNP-002022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para afrontar a falta de actividade das embarcacións dedicadas ao xeito

- 27679 (09/PNP-002023)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co novo concerto asinado con Povisa e o proceso de elección pola poboación adscrita a ese centro privado do hospital de referencia para a atención sanitaria especializada

- 27685 (09/PNP-002024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas valoracións que está a realizar respecto do sector do turismo

- 27693 (09/PNP-002025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para a prestación, durante o horario escolar, dos coidados especiais necesarios a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica

- 27695 (09/PNP-002026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de persoas con fins de explotación sexual

- 27706 (09/PNP-002027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as persoas que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a Comisión e publicación

- 27623 (09/PNC-002326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os cidadáns que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a Comisión e publicación

- 27491 (09/PNC-002313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o cumprimento, antes do remate do ano 2016, dos compromisos referidos á construción dunha nova estación depuradora de augas residuais no concello de Monforte de Lemos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27497 (09/PNC-002314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación co cumprimento da Orde do 12 de agosto de 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27499 (09/PNC-002315)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación coa mellora da seguridade viaria en condicións de néboa densa e/ou vento na autovía A-8, ao seu paso pola provincia Lugo, así como a mellora e o acondicionamento da estrada N-634

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27528 (09/PNC-002316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contido do *código ético e de conduta* aprobado por Abanca e a protección dos dereitos políticos, sociais e sindicais dos seus traballadores

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27542 (09/PNC-002317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de axilizar o pagamento das indemnizacións do Fondo de Garantía Salarial ás persoas traballadoras galegas de empresas en creba

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27574 (09/PNC-002319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do réxime de visitas e o acceso das persoas con discapacidade física ao pazo de Meirás, declarado ben de interese cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27582 (09/PNC-002320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da competencia exclusiva en materia de enerxías renovables
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27587 (09/PNC-002321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do sector vitivinícola

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27599 (09/PNC-002323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 3 máis

Sobre a reposición polo Goberno galego das axudas destinadas aos concellos para reducir o abandono do sistema educativo antes de obter a titulación de educación secundaria, así como as orientadas á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27606 (09/PNC-002324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27610 (09/PNC-002325)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dispensación das vacinas da varicela e da meninxite tipo B

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27643 (09/PNC-002327)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións do Valedor do Pobo referidas ao proceso de selección de persoal levado a cabo no ano

2012 para o parque comarcal de bombeiros de Monforte de Lemos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27661 (09/PNC-002328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de adscrición das persoas usuarias do centro privado de Povisa aos hospitais públicos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27669 (09/PNC-002329)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a correcta etiquetaxe e evitar a fraude na comercialización dos produtos agroalimentarios; en particular, os procedentes da pesca e da acuicultura de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27673 (09/PNC-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para afrontar a falta de actividade das embarcacións dedicadas ao xeito

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 27680 (09/PNC-002331)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co novo concerto asinado con Povisa e o proceso de elección pola poboación adscrita a ese centro privado do hospital de referencia para a atención sanitaria especializada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27686 (09/PNC-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas valoracións que está a realizar respecto do sector do turismo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27694 (09/PNC-002333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas precisas para a prestación, durante o horario escolar, dos coidados especiais necesarios a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27696 (09/PNC-002334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de persoas con fins de explotación sexual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27707 (09/PNC-002335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa

situación en que se atopan as persoas que padecen esquizofrenia ou calquera outro trastorno mental grave

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.5. Informes sobre o estado de execución do orzamento

Toma de coñecemento, traslado á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e aos grupos parlamentarios e publicación do acordo

- 27523 (09/ESEX-000010)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Execución orzamentaria segundo trimestre 2014


Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2014

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO



O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 122 do Regulamento da Cámara, achega a seguinte **Proposición de lei**, referida á publicidade institucional galega.

Exposición de motivos

A publicidade institucional ten que servir ao interese público da nosa cidadanía e para iso require acadar un marco legal que faga efectivos os principios de veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, eficiencia, non discriminación e respecto á persoa e ás súas actividades outrosí de pular polos valores democráticos e a normalización da nosa lingua e cultura propias.

Abondan os casos nos que a publicidade institucional da Xunta serve como moeda de cambio de favores inconfesables e como premio e castigo cos medios críticos, con aqueles que manteñen obediencia aos principios de veracidade e pluralidade na súa relación coa cidadanía.


Abondan os exemplos dun uso partidario da publicidade institucional, empregada como arma arrojadiza contra a sal da terra, as actuacións de colectivos, entidades, sindicatos e partidos que achegan outra ollada alternativa á do poder que expresa a Xunta de Galicia.

Cómpre desenvolver os mecanismos legais que garantan unha difusión e contratación da publicidade institucional acorde ás arelas dunha sociedade democrática, aquela que desterra prácticas clientelares sostidas cos recursos públicos que achegamos á cidadanía traballadora deste país.

Síntoma da fortaleza democrática, de esperanza cívica, son as achegas da sociedade civil crítica que melloran o funcionamento da vida política do noso país. Este proposición insírese nese rego, por canto ten como fautora a man da Asociación de Medios en Galego.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais



Artigo 1. **Obxecto**

A presente Lei ten por obxecto establecer os principios xerais que deben rexer a difusión e contratación de publicidade institucional por parte das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes, así como establecer os mecanismos de control que aseguren o seu eficaz cumprimento.

Artigo 2. **Concepto**

Enténdese por publicidade institucional toda forma de comunicación, difundida por calquera medio por parte das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes, co fin de promover a súa imaxe, as súas actividades ou fomentar valores de interese público. A publicidade institucional terá en conta as formas de comunicación en diversos soportes e apoiará a transparencia e democracia no funcionamento dos medios, a innovación e a mellora tecnolóxica.

Artigo 3. **Ámbito de aplicación**

Esta Lei será de aplicación á publicidade institucional difundida por conta das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes.

Artigo 4. **Publicidade excluída**

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Lei a publicidade das normas e outros anuncios de actos da Administración que deban publicarse por mandato legal.

Artigo 5. **Lingua**

1. As mensaxes publicitarias sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei difundiranse en galego.
2. Non obstante, as mensaxes publicitarias poderán ser difundidas en castelán ou noutro idioma oficial cando o seu ámbito de difusión se produza fóra dos límites da Comunidade Autónoma, agás que tivese como persoas destinatarias a comunidades galegofalantes, ben por razón de emigración, ben por pertencer a comunidades autónomas con presenza da lingua galega.
3. Soamente poderá difundirse publicidade institucional nun idioma estranxeiro cando aquela vaia ser difundida, con carácter exclusivo ou maioritario, fóra do estado, ou cando se destine a cidadáns estranxeiros.

Artigo 6. Acceso á información de persoas con discapacidade

A administración anunciante garantirá o máis completo acceso á información ás persoas con calquera tipo de discapacidade.

CAPITULO II

Dos principios reitores da publicidade institucional

Artigo 7. Principios reitores

A publicidade institucional deberá acatar os principios de veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia, non discriminación e respecto á persoa e ás súas actividades, e promoverá os valores democráticos e da lingua e cultura galegas.

Artigo 8. Principio de veracidade

A publicidade institucional deberá respectar a verdade e evitar que o seu contido induza ou poida inducir a erro ós seus destinatarios.

Artigo 9. Principio de transparencia

1. A publicidade institucional deberá identificarse claramente como tal. En todo caso, deberán deslindarse de maneira perceptible as comunicacións feitas cunha finalidade informativa e as que se realicen como vehículos da publicidade institucional.
2. Así mesmo, deberá mencionarse expresamente a Administración ou entidade na que teña a súa orixe a mensaxe publicitaria.

Artigo 10. Principio de legalidade

A publicidade institucional respectará a legalidade vixente e de modo especial os principios, valores e dereitos que se recollen na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Artigo 11. Principio de Lealdade Institucional

1. A publicidade institucional non deberá obstaculizar ou perturbar as actuacións lexítimas desenvoltas por outros poderes públicos no exercicio das súas competencias.

2. Cando a publicidade institucional teña por obxecto difundir actividades nas que participen varias Administracións, deberán mencionarse as Administracións participantes.

Artigo 12. Principio de neutralidade

A publicidade institucional debe diferenciarse claramente das realizada polos partidos e organizacións políticas.

Artigo 13. Principio de interese público

A difusión da publicidade institucional perseguirá sempre, e con carácter exclusivo, a consecución de obxectivos de interese público, con exclusión de calquera outra clase de interese.

Artigo 14. Principio de eficiencia

A publicidade institucional deberá executarse mediante unha xestión dos recursos públicos baseada na calidade e na austeridade dos gastos.

Artigo 15. Principio de non discriminación


A publicidade institucional non poderá conter mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores ou dereitos constitucionais.


Artigo 16. Principio de respecto á persoa e ás súas actividades

A publicidade institucional deberá respectar os dereitos da personalidade, e velar especialmente polos dereitos da infancia e da adolescencia. A publicidade institucional non se inserirá en medios de comunicación que inclúan publicidade de actividades que ataquen aos dereitos recoñecidos ás persoas ou supoñan agresións á súa integridade física ou moral, especialmente no caso da prostitución.

Artigo 17. Principio de respecto dos valores democráticos e da lingua e a cultura galegas

A publicidade institucional deberá respectar os valores democráticos e manter a neutralidade sobre as opcións políticas, morais e relixiosas, e velará pola protección da lingua e cultura galegas.





CAPITULO III

Da contratación da publicidade institucional

Artigo 18. Das modalidades contractuais

Para a creación, preparación e execución da publicidade institucional, as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei poderán concluír contratos de publicidade, creación publicitaria, difusión publicitaria e patrocinio nos termos en que estes se atopan definidos no Título III da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de Publicidade.

Artigo 19. Principios xerais

1. Na adxudicación dos contratos ós que se refire o artigo anterior, deberán respectarse os principios de publicidade, concorrência e non discriminación, na forma en que estes principios e normas están regulados pola normativa vixente en materia de contratación pública, e coas particularidades establecidas na presente Lei.
2. As administracións públicas e entes aos que sexa de aplicación esta Lei deberán elaborar anualmente un plan de publicidade e comunicación no que se inclúan todas as campañas de publicidade e comunicación que se prevea realizar no vindeiro exercicio.

O Plan incluírá, cando menos, os obxectivos que se perseguen polas campañas a executar, o tipo de medios preferentes a empregar, os destinatarios e o custo previsíbel.

Non poderán levarse a termo campañas de publicidade insitucional que non estean previstas con anterioridade no plan anual, agás en casos xustificados onde concorran razóns de emerxencia ou humanitarias e a difusión sexa imprescindible para garantir un axeitado funcionamento dos servizos públicos.

3. Daráselle audiencia ás asociacións representativas dos sectores afectados no procedemento de elaboración do plan de publicidade e comunicación e nos pregos de cláusulas xerais para as campañas institucionais.

Artigo 20. Criterios de adxudicación

1. Na adxudicación dos contratos aos que se refire o artigo 18 valoraranse preferentemente o prezo, a orixinalidade e creatividade das campañas publicitarias e a adecuación das súas mensaxes á finalidade perseguida e ó público destinatario.

2. Así mesmo, cando o contrato conleve a difusión da publicidade, valoraranse preferentemente o prezo, o grao de difusión ou audiencia do medio e a adecuación do seu ámbito territorial de difusión e da súa audiencia ó ámbito de difusión e ó público obxectivo destinatario da publicidade.
3. No caso da publicidade a realizar en Galicia, e a fin contribuír a promover a lingua galega, a contratación de publicidade realizarase por separado entre os medios de comunicación que só empreguen a lingua galega e os que, no seu caso, usen as dúas linguas oficiais, debendo garantirse que ningún dos dous grupos recibirá máis do 60% do orzamento previsto para esta finalidade.
4. En cada campaña de publicidade institucional procurarase un reparto equilibrado do orzamento previsto nos diferentes medios de comunicación. A estes efectos, nas campañas de publicidade institucional que se difundan a través de múltiples soportes publicitarios, non se destinará con carácter xeral máis do 10% do total do orzamento previsto para cada campaña a un mesmo medio de comunicación. No caso de campañas que, por razóns da eficacia da mensaxe, se empreguen só determinados soportes publicitarios específicos, poderá superarse dita porcentaxe, cando o número de medios de comunicación que operan en ditos soportes é reducido. "
5. Os criterios de adxudicación das campañas institucionais vincularanse á estabilidade laboral d@s traballadores/as, debidamente acreditada cos datos de creación e permanencia de emprego estable e de calidade.

Artigo 21. Convenios


As administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei, non poderán asinar convenios, nin efectuar contratos por procedementos restrinxidos, negociados ou de adxudicación directa, con empresas editoras de medios, axencias de noticias ou axencias de publicidade, que teñan por obxecto a comunicación ou tratamento informativo de logros ou accións de goberno.

CAPITULO IV Do control da publicidade institucional

Artigo 21.

As campañas institucionais promoverán os seguintes obxectivos:


- Informar aos cidadáns dos seus dereitos e obrigas legais, especialmente en momentos que deban facer declaracións obrigatorias, así como de aspectos relevantes do funcionamento de servizos públicos.
- Informar sobre a existencia de consultas populares ou



- Difundir o contido de normas xurídicas que polo seu contido, novidade ou repercusión social, requiran medidas complementarias para o seu coñecemento e aplicación xeral.
- Difundir as ofertas de emprego público xeral, así como as concretas ofertas que pola relevancia o aconsellen.
- Advertir da aplicación de medidas de orde, prevención e seguranza pública que afecten a unha colectividade ou pluralidade de destinatarios.
- Anunciar medidas preventivas de riscos, situacións de emerxencia que contribúan á eliminación de danos para a saúde, o medio ambiente ou o patrimonio natural.
- Apoiar os sectores básicos da nosa economía produtiva, tanto nos mercados exteriores como no interior.
- A difusión e normalización da lingua galega, así como da cultura tradicional e popular propia, tamén nas súas manifestacións modernas.
- A difusión de aspectos patrimoniais, históricos, económicos e culturais e que contribúan a reforzar o carácter nacional de Galiza.

Artigo 22. Prohibicións

1. Dacordo cos principios enumerados na presente Lei, non se poderá promover ou contratar publicidade institucional:
 - a) Que teña como finalidade destacar os logros de xestión ou dos obxectivos acadados polos suxeitos mencionados no artigo 3 da presente Lei.
 - b) Que non obedeza a motivos de interese público.
 - c) Que teña lugar no período comprendido entre o día de publicación da convocatoria de eleccións e o día en que se celebren, a excepción das campañas que atinxan ao propio proceso electoral e aos anuncios imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.
 - d) Que non se desenvolva no exercicio de competencias propias.
 - e) Que menoscabe, obstaculice ou perturbe as políticas públicas ou calquera actuación lexítima doutro poder público realizada no exercicio das súas competencias.
 - f) Que inclúa mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores e dereitos constitucionais.
 - g) Que incite de forma directa ou indirecta á violencia e outros comportamentos contrarios ao ordenamento xurídico.




- h) Que induza a confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera organización política ou social.
- i) Que revista carácter subliminal ou enganoso, segundo o disposto na Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de Publicidade.
- j) Que non se identifique claramente como tal e non inclúa a mención expresa do suxeito promotor ou contratante, así como a súa imaxe corporativa institucional.

Artigo 23. Comisión de Publicidade Institucional

1. Ao obxecto de garantir que a publicidade institucional sirva con obxectividade aos intereses xerais e se adecúe aos principios establecidos na presente Lei, créase a Comisión de Publicidade Institucional, adscrita ao departamento de Xunta de Galicia competente en materia de comunicación. A comisión está integrada por representantes das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da presente Lei e por persoas expertas, independentes e de recoñecido prestixio procedentes do ámbito académico ou profesional, coa seguinte composición:
 - a) Un representante do departamento responsable de comunicación da Xunta de Galicia, con categoría mínima de director xeral, que a presidirá.
 - b) Un representante por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, con categoría cando menos de subdirector xeral.
 - c) Un representante de cada grupo parlamentario do Parlamento de Galicia.
 - d) Tres representantes da administración local de Galicia.
 - e) Un profesional do xornalismo proposto polo Colexio de Xornalistas de Galicia.
 - f) Unha persoa proposta pola asociación que agrupe os medios de comunicación editados en lingua galega.

Reglamentariamente determinarase a forma de nomeamento dos representantes recollidos nos apartados c), d) e e).

2. A organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional determinarase reglamentariamente.




Artigo 24. Funcións

A comisión de Publicidade Institucional asumirá as seguintes funcións:

- a) Emitir informes non vinculantes sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que lle sexan remitidos polas Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei.
- b) Resolver as reclamacións presentadas contra anuncios ou campañas publicitarias da Administración Autonómica de Galicia e polas entidades do sector público dela dependentes ás que resulte de aplicación a presente Lei, ordenando, no seu caso, o seu cesamento ou rectificación.
Os representantes da Administración Local de Galicia absteranse de participar na resolución das anteditas reclamacións.
- c) Examinar a Memoria Anual de Publicidade Institucional que lle remitan as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei, e a efectuar, no seu caso, recomendacións non vinculantes sobre a mesma.
- d) Calquera outra función que lle sexa asignada legal ou regulamentariamente.
- e) Elaborar anualmente un informe onde se incluírán todas as campañas contratadas no exercicio, a relación dos adxudicatarios dos convenios asinados con medios de comunicación. Este informe será remitido ao Parlamento de Galicia e presentado en comparecencia pública pola persoa que presida a comisión.

Artigo 25. Cesamento e rectificación da publicidade institucional

- 1. Cando un anuncio ou unha campaña de publicidade institucional vulnere os principios e normas recollidos na presente Lei, calquera persoa que ostente un interese lexítimo poderá solicitar o seu cesamento ou rectificación ante a Comisión de Publicidade Institucional, cuxas resolucións poñerán fin a vía administrativa.
- 2. Can carácter inmediato, e se o solicitante así o solicita, a Comisión poderá ordenar cautelarmente a suspensión provisional da publicidade se concorren indicios evidentes de infracción grave ou manifesta dos principios e normas recollidos na presente Lei.
- 3. Unha vez examinada a reclamación, e previa audiencia do departamento ou ente responsable da publicidade, a Comisión de Publicidade Institucional ordenará, se procede, o seu cesamento ou rectificación definitivos.



Artigo 26. Informes

As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei poderán solicitar ante a Comisión de Publicidade Institucional un informe sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que pretendan difundir.

Artigo 27. Memoria anual

1. As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes elaborarán, con carácter anual, unha memoria na que consten as campañas de publicidade institucional desenvolvidas, os seus obxectivos e o seu custo total, así como a distribución de dito custo en cada medio de comunicación.
2. A memoria será remitida á Comisión de Publicidade Institucional dentro dos tres primeiros meses de cada ano.
3. Unha vez examinada a Memoria. A Comisión de Publicidade Institucional poderá emitir recomendacións non vinculantes sobre o seu contido.

Disposición derogatoria única


Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto na presente Lei.

Disposición final primeira

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Lei, a Xunta de Galicia ditará as normas regulamentarias sobre composición, organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional.

Disposición final segunda

A presente Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.


Compostela, 24 de setembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO


O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, presenta unha corrección de erros ao documento con número de rexistro 27.653.

Ao remate do texto articulado da proposición de lei, hase engadir o seguinte texto:

Antecedentes lexislativos

-Estatuto de Autonomía de Galicia.

-Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.


Compostela, 29 de setembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de publicidade institucional de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de Autonomía para Galiza atribúe a condición de poder executivo ao Presidente e á Xunta de Galiza, encargados de exercer a acción de goberno.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galiza, tamén encomenda á Xunta de Galiza a dirección da administración xeral, encargada de desenvolver funcións executivas de carácter administrativo.

A Xunta de Galiza é emisor de información política, e ao tempo tamén, en razón de responsábel da administración xeral e do sector público galego, comunicador de mensaxes dirixidas aos cidadáns que teñen por obxecto mellorar o funcionamento da administración e dos servizos públicos, que se engloban baixo a denominación de campañas de publicidade institucional.

A dupla vertente política e de dirección executiva da administración, malia coincidir o seu exercicio no mesmo órgano onde reside o poder executivo galego, ha de estar claramente diferenciada. Dun xeito especial, esa delimitación ten que ser diáfana no eido comunicativo, separando claramente a opinión política da información neutral sobre as políticas que desenvolve no eido administrativo. A publicidade institucional non pode estar ao servizo de gabar, eloxiar ou amplificar a acción de goberno, dado que a súa estrita



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

finalidade e o servizo ás necesidades e intereses de todas as persoas, para facilitar o exercicio dos seus dereitos ou o acceso aos servizos públicos.

Poren, nos últimos anos asistimos a un uso reiteradamente indebido da publicidade institucional, ao difundírense campañas institucionais sen xustificar a súa oportunidade nin estaren guiadas por vincular esa comunicación institucional a funcións de execución administrativa. En suma, a ter como obxectivo o acompañamento da función política do goberno, con sustento de fondos públicos.

O financiamento público de ditas campañas obriga, precisamente, a un maior rigor á hora, tanto de decidir o seu enfoque como á distribución das mesmas nos distintos formatos e medios de comunicación, dun xeito equitativo para evitar que, ademais de seren empregadas de xeito inadecuado como altofalante da acción política do goberno, se convertan nun medio discrecional de reparto indirecto de axudas a medios de comunicación.

A presente Lei pretende incorporar unha regulación obxectiva que poña límites ao abuso da publicidade institucional como instrumento potenciador da acción de goberno, e que fique delimitada exclusivamente á difusión de mensaxes relacionadas co interese público xeral. Para iso determínanse cales son os principios reitores da publicidade institucional, de maneira que non sexan só un “desiderátum” ou guieiro do poder executivo de turno, senón como unha norma xurídica obrigatoria á cal deban someterse todos os gobernos da Xunta.

Como complemento, en atención aos principios de transparencia, eficiencia e racionalidade no gasto público tamén se regulan aspectos relativos á contratación da publicidade institucional, para evitar un reparto clientelar alleo á necesaria eficacia nas mensaxes institucionais a emitir como ao emprego indebido de fondos públicos.

Finalmente, tamén se incorporan medidas de control da publicidade institucional, tanto a través de disposicións de obrigado cumprimento como da tutela e revisión da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acción comunicativa institucional a través dun órgano colexiado interadministrativo, a Comisión de Publicidade Institucional, que velará para que a publicidade institucional sirva con obxectividade aos intereses xerais e se adecúe aos principios establecidos na presente Lei.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodeGaliza.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. **Obxecto**

A presente Lei ten por obxecto establecer os principios xerais que deben rexer a difusión e contratación de publicidade institucional por parte das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e polas entidades do sector público delas dependentes, así como establecer os mecanismos de control que aseguren o seu eficaz cumprimento.

Artigo 2. **Concepto**

Enténdese por publicidade institucional toda forma de comunicación, difundida por calquera medio por parte das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e polas entidades do sector público delas dependentes, co fin de promover a súa imaxe, as súas actividades ou fomentar valores de interese público. A publicidade institucional terá en conta as formas de comunicación en diversos soportes e apoiará a transparencia e democracia no funcionamento dos medios, a innovación e a mellora tecnolóxica.

Artigo 3. **Ámbito de aplicación**

Esta Lei será de aplicación á publicidade institucional difundida por conta das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e polas entidades do sector público delas dependentes.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 4. **Publicidade excluída**

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Lei a publicidade das normas e outros anuncios de actos da Administración que deban publicarse por mandato legal.

Artigo 5. **Lingua**

1.- As mensaxes publicitarias sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei difundiranse en galego.

2.- Non obstante, as mensaxes publicitarias poderán ser difundidas en castelán ou noutro idioma oficial cando o seu ámbito de difusión se produza fóra dos límites da Comunidade Autónoma, agás que tivese como persoas destinatarias a comunidades galegofalantes, ben por razón de emigración, ben por pertencer a comunidades autónomas con presenza da lingua galega.

3.- Soamente poderá difundirse publicidade institucional nun idioma estranxeiro cando aquela vaia ser difundida, con carácter exclusivo ou maioritario, fóra do estado, ou cando se destine a cidadáns estranxeiros.

Artigo 6. **Acceso á información de persoas con discapacidade**

A administración anunciante garantirá o máis completo acceso á información ás persoas con calquera tipo de discapacidade.

CAPITULO II



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dos principios reitores da publicidade institucional

Artigo 7. Principios reitores

A publicidade institucional deberá acatar os principios de veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia, non discriminación e respecto á persoa e ás súas actividades, e promoverá os valores democráticos e da lingua e cultura galegas.

Artigo 8. Principio de veracidade

A publicidade institucional deberá respectar a verdade e evitar que o seu contido induza ou poida inducir a erro ós seus destinatarios.

Artigo 9. Principio de transparencia

1.- A publicidade institucional deberá identificarse claramente como tal. En todo caso, deberán deslindarse de maneira perceptible as comunicacións feitas cunha finalidade informativa e as que se realicen como vehículos da publicidade institucional.

2.- Así mesmo, deberá mencionarse expresamente a Administración ou entidade na que teña a súa orixe a mensaxe publicitaria.

Artigo 10. Principio de legalidade



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A publicidade institucional respectará a legalidade vixente e de modo especial os principios, valores e dereitos que se recollen na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galiza.

Artigo 11. **Principio de Lealdade Institucional**

-A publicidade institucional non deberá obstaculizar ou perturbar as actuacións lexítimas desenvoltas por outros poderes públicos no exercicio das súas competencias.

-Cando a publicidade institucional teña por obxecto difundir actividades nas que participen varias Administracións, deberán mencionarse as Administracións participantes.

Artigo 12. **Principio de neutralidade**

A publicidade institucional debe diferenciarse claramente das realizada polos partidos e organizacións políticas.

Artigo 13. **Principio de interese público**

A difusión da publicidade institucional perseguirá sempre, e con carácter exclusivo, a consecución de obxectivos de interese público, con exclusión de calquera outra clase de interese.

Artigo 14. **Principio de eficiencia**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A publicidade institucional deberá executarse mediante unha xestión dos recursos públicos baseada na calidade e na austeridade dos gastos.

Artigo 15. **Principio de non discriminación**

A publicidade institucional non poderá conter mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores ou dereitos constitucionais.

Artigo 16. **Principio de respecto á persoa e ás súas actividades**

A publicidade institucional deberá respectar os dereitos da personalidade, e velar especialmente polos dereitos da infancia e da adolescencia. A publicidade institucional non se inserirá en medios de comunicación que inclúan publicidade de actividades que ataquen aos dereitos recoñecidos ás persoas ou supoñan agresións á súa integridade física ou moral, especialmente no caso da prostitución.

Artigo 17. **Principio de respecto dos valores democráticos e da lingua e a cultura galegas**

A publicidade institucional deberá respectar os valores democráticos e manter a neutralidade sobre as opcións políticas, morais e relixiosas, e velará pola protección da lingua e cultura galegas.

CAPITULO III

Da contratación da publicidade institucional



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 18. **Das modalidades contractuais**

Para a creación, preparación e execución da publicidade institucional, as administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei poderán concluír contratos de publicidade, creación publicitaria, difusión publicitaria e patrocinio nos termos en que estes se atopan definidos no Título III da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de Publicidade.

Artigo 19. **Principios xerais**

1.- Na adxudicación dos contratos ós que se refire o artigo anterior, deberán respectarse os principios de publicidade, concorrência e non discriminación, na forma en que estes principios e normas están regulados pola normativa vixente en materia de contratación pública, e coas particularidades establecidas na presente Lei.

2.- As administracións públicas e entes aos que sexa de aplicación esta Lei deberán elaborar anualmente un plan de publicidade e comunicación no que se inclúan todas as campañas de publicidade e comunicación que se prevea realizar no vindeiro exercicio.

O Plan incluírá, cando menos, os obxectivos que se perseguen polas campañas a executar, o tipo de medios preferentes a empregar, os destinatarios e o custo previsíbel.

Non poderán levarse a termo campañas de publicidade institucional que non estean previstas con anterioridade no plan anual, agás en casos xustificados onde concorran razóns de emerxencia ou humanitarias e a difusión sexa imprescindible para garantir un axeitado funcionamento dos servizos públicos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Daráselle audiencia ás asociacións representativas dos sectores afectados no procedemento de elaboración do plan de publicidade e comunicación e nos pregos de cláusulas xerais para as campañas institucionais.

Artigo 20. **Criterios de adxudicación**

-Na adxudicación dos contratos aos que se refire o artigo 18 valoraranse preferentemente o prezo, a orixinalidade e creatividade das campañas publicitarias e a adecuación das súas mensaxes á finalidade perseguida e ó público destinatario.

-Así mesmo, cando o contrato conleve a difusión da publicidade, valoraranse preferentemente o prezo, o grao de difusión ou audiencia do medio e a adecuación do seu ámbito territorial de difusión e da súa audiencia ó ámbito de difusión e ó público obxectivo destinatario da publicidade.

-No caso da publicidade a realizar en Galiza, e a fin contribuír a promover a lingua galega, a contratación de publicidade realizarase por separado entre os medios de comunicación que só empreguen a lingua galega e os que, no seu caso, usen as dúas linguas oficiais, debendo garantirse que ningún dos dous grupos recibirá máis do 60% do orzamento previsto para esta finalidade.

-En cada campaña de publicidade institucional procurarase un reparto equilibrado do orzamento previsto nos diferentes medios de comunicación. A estes efectos, nas campañas de publicidade institucional que se difundan a través de múltiples soportes publicitarios, non se destinará con carácter xeral máis do 10% do total do orzamento previsto para cada campaña a un mesmo medio de comunicación. No caso de campañas que, por razóns da eficacia da mensaxe, se empreguen só determinados soportes publicitarios específicos, poderá superarse dita porcentaxe, cando o número de medios de comunicación que operan en ditos soportes é reducido. "



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os criterios de adxudicación das campañas institucionais vincularanse á estabilidade laboral d@s traballadores/as, debidamente acreditada cos datos de creación e permanencia de emprego estable e de calidade.

Artigo 21. **Convenios**

As administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei, non poderán asinar convenios, nin efectuar contratos por procedementos restrinxidos, negociados ou de adxudicación directa, con empresas editoras de medios, axencias de noticias ou axencias de publicidade, que teñan por obxecto a comunicación ou tratamento informativo de logros ou accións de goberno.

CAPITULO IV

Do control da publicidade institucional

Artigo 21.

As campañas institucionais promoverán os seguintes obxectivos:

-Informar aos cidadáns dos seus dereitos e obrigas legais, especialmente en momentos que deban facer declaracións obrigatorias, así como de aspectos relevantes do funcionamento de servizos públicos.

-Informar sobre a existencia de consultas populares ou comicios electorais.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Difundir o contido de normas xurídicas que polo seu contido, novidade ou repercusión social, requiran medidas complementarias para o seu coñecemento e aplicación xeral.

-Difundir as ofertas de emprego público xeral, así como as concretas ofertas que pola relevancia o aconsellen.

-Advertir da aplicación de medidas de orde, prevención e seguranza pública que afecten a unha colectividade ou pluralidade de destinatarios.

-Anunciar medidas preventivas de riscos, situacións de emerxencia que contribúan á eliminación de danos para a saúde, o medio ambiente ou o patrimonio natural.

-Apoiar os sectores básicos da nosa economía produtiva, tanto nos mercados exteriores como no interior.

-A difusión e normalización da lingua galega, así como da cultura tradicional e popular propia, tamén nas súas manifestacións modernas.

-A difusión de aspectos patrimoniais, históricos, económicos e culturais e que contribúan a reforzar o carácter nacional de Galiza.

Artigo 22. **Prohibicións**

Dacordo cos principios enumerados na presente Lei, non se poderá promover ou contratar publicidade institucional:

a) Que teña como finalidade destacar os logros de xestión ou dos obxectivos acadados polos suxeitos mencionados no artigo 3 da presente Lei.

b) Que non obedeza a motivos de interese público.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Que teña lugar no período comprendido entre o día de publicación da convocatoria de eleccións e o día en que se celebren, a excepción das campañas que atinxan ao propio proceso electoral e aos anuncios imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

d) Que non se desenvolva no exercicio de competencias propias.

e) Que menoscabe, obstaculice ou perturbe as políticas públicas ou calquera actuación lexítima doutro poder público realizada no exercicio das súas competencias.

f) Que inclúa mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores e dereitos constitucionais.

g) Que incite de forma directa ou indirecta á violencia e outros comportamentos contrarios ao ordenamento xurídico.

h) Que induza a confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera organización política ou social.

i) Que revista carácter subliminal ou enganoso, segundo o disposto na Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de Publicidade.

j) Que non se identifique claramente como tal e non inclúa a mención expresa do suxeito promotor ou contratante, así como a súa imaxe corporativa institucional.

Artigo 23. Comisión de Publicidade Institucional



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Ao obxecto de garantir que a publicidade institucional sirva con obxectividade aos intereses xerais e se adecúe aos principios establecidos na presente Lei, créase a Comisión de Publicidade Institucional, adscrita ao departamento de Xunta de Galiza competente en materia de comunicación. A comisión está integrada por representantes das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e das entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da presente Lei e por persoas expertas, independentes e de recoñecido prestixio procedentes do ámbito académico ou profesional, coa seguinte composición:

- a) Un representante do departamento responsable de comunicación da Xunta de Galiza, con categoría mínima de director xeral, que a presidirá.
- b) Un representante por cada un dos departamentos da Xunta de Galiza, con categoría cando menos de subdirector xeral.
- c) Un representante de cada grupo parlamentar do Parlamento de Galiza.
- d) Tres representantes da administración local de Galiza.
- e) Un profesional do xornalismo proposto polo Colexio de Xornalistas de Galiza.
- f) Unha persoa proposta pola asociación que agrupe os medios de comunicación editados en lingua galega.

Reglamentariamente determinarase a forma de nomeamento dos representantes recollidos nos apartados c), d) e e).

2. A organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional determinarase reglamentariamente.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodeGaliza.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Artigo 24. Funcións

A comisión de Publicidade Institucional asumirá as seguintes funcións:

a) Emitir informes non vinculantes sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que lle sexan remitidos polas Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e polas entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei.

b) Resolver as reclamacións presentadas contra anuncios ou campañas publicitarias da Administración Autonómica de Galiza e polas entidades do sector público dela dependentes ás que resulte de aplicación a presente Lei, ordenando, no seu caso, o seu cesamento ou rectificación.

Os representantes da Administración Local de Galiza absteranse de participar na resolución das anteditas reclamacións.

c) Examinar a Memoria Anual de Publicidade Institucional que lle remitan as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei, e a efectuar, no seu caso, recomendacións non vinculantes sobre a mesma.

d) Calquera outra función que lle sexa asignada legal ou regulamentariamente.

e) Elaborar anualmente un informe onde se incluírán todas as campañas contratadas no exercicio, a relación dos adxudicatarios dos convenios asinados con medios de comunicación. Este informe será remitido ao Parlamento de Galiza e presentado en comparecencia pública pola persoa que presida a comisión.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 25. Cesamento e rectificación da publicidade institucional

1.- Cando un anuncio ou unha campaña de publicidade institucional vulnere os principios e normas recollidos na presente Lei, calquera persoa que ostente un interese lexítimo poderá solicitar o seu cesamento ou rectificación ante a Comisión de Publicidade Institucional, cuxas resolucións poñerán fin a vía administrativa.

2.- Con carácter inmediato, e se o solicitante así o solicita, a Comisión poderá ordenar cautelarmente a suspensión provisional da publicidade se concorren indicios evidentes de infracción grave ou manifesta dos principios e normas recollidos na presente Lei.

3.- Unha vez examinada a reclamación, e previa audiencia do departamento ou ente responsable da publicidade, a Comisión de Publicidade Institucional ordenará, se procede, o seu cesamento ou rectificación definitivos.

Artigo 26. Informes

As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ao ámbito de aplicación da seguinte Lei poderán solicitar ante a Comisión de Publicidade Institucional un informe sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que pretendan difundir.

Artigo 27. Memoria anual

1.- As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galiza e as entidades do sector público delas dependentes elaborarán, con carácter anual, unha memoria na que consten as campañas de publicidade institucional desenvoltas, os seus



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos e o seu custo total, así como a distribución de dito custo en cada medio de comunicación.

2.- A memoria será remitida á Comisión de Publicidade Institucional dentro dos tres primeiros meses de cada ano.

3.- Unha vez examinada a Memoria. A Comisión de Publicidade Institucional poderá emitir recomendacións non vinculantes sobre o seu contido.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto na presente Lei.

Disposición final primeira

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Lei, a Xunta de Galiza ditará as normas regulamentarias sobre composición, organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional.

Disposición final segunda

A presente Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodeGaliza.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS DA PROPOSICION DE LEI DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DE GALIZA

- Estatuto de Autonomía de Galiza, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galiza.
- Lei 29/2005, de 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polos que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galiza.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2014



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodeGaliza.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2014 14:27:15

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/09/2014 14:27:22

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa do seu deputado, **Antón Sánchez García** e a través do seu portavoz, ao abeiro no disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación núm. 24913 (09/INT-000884)**, debatida no Pleno celebrado o 23 de setembro, sobre a elaboración, os cambios que introduce e os obxectivos que recolle o borrador do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Incorporar ao PDR 2014-2020 dentro da medida de incorporación de mozos e mozas á actividade agraria unha estratexia integral, que teña en conta aspectos coma o asesoramento, formación, investigación vivenda e servizos no rural.
- 2) Incrementar o obxectivo da taxa de incorporación de novos activos á actividade rural para conquistar que, cando menos non descenda o nivel de poboación agraria no próximo período, incrementando proporcionalmente o orzamento desta liña.
- 3) Introducir un subprograma para as zonas de montaña, que trate de combatir o despoboamento e o abandono da actividade agroforestal.
- 4) Manter o mesmo orzamento para o LEADER, evitando o seu desartellamento por falla de recursos.
- 5) Incrementar o orzamento ás medidas de I+D+I e Formación garantindo explícitamente o reforzamento en recursos humanos e económicos dos centros e instrumentos públicos.
- 6) Introducir medidas para conquistar que no período 2014-2020 a SAU se incremente ate o 30 %.

7)Dirixir as axudas forestais para modelo sostibles, que aporten valor engadido e maior creación de emprego, para mudar a realidade dun modelo actual que non crea valor engadido e que crea pouco emprego.”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2014.

Asdo. Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/09/2014 12:16:02

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/09/2014 12:16:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o 23 de setembro de 2014, sobre a construción naval civil en Galiza (doc. núm. 23066).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno da Xunta a:

1ª- Comprometerse coa construción civil en Navantia pedindo a revogación ao Estado do acordo adoptado polo Consello de Ministros do 25 de xullo de 2014 polo cal se lle asigna ao Ministerio de Defensa a responsabilidade da planificación, dirección, control e execución das políticas necesarias para o fortalecemento e consolidación do sector industrial da defensa.

2ª- Realizar as xestións necesarias para a construción do dique flotante en Ferrol, así como dotar ao centro de Navantia-Fene de persoal –de xestión, técnico e produtivo- necesario e a modernización das súas instalacións que posibiliten o seu funcionamento competitivo como ocorría antes do veto en 2005.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3ª.- Dar cumprimento á Lei de fomento do sector naval para efectivizar de xeito inmediato a participación do Goberno galego no consello de administración da empresa Navantia.”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2014

Asdo. **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 26/09/2014 13:10:08

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 26/09/2014 13:10:14

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 23 de setembro de 2014, sobre a avaliación do Goberno galego do cumprimento dos dereitos recollidos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (09/INT-000432, doc. núm. 11166)

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Retirar as novas avaliacións feitas ás persoas dependentes, que supoñen un brutal recorte nas prestacións.
2. Manter, para a totalidade das persoas avaliadas, os dereitos recoñecidos ata a data de acordo coa Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, agás para aquelas cuxa situación empeore e precisen novas avaliacións, a efectos de evitar recortes nas prestacións outorgadas.
3. Garantir que os servizos recollidos na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establecida mediante Decreto 149/2013, do 5 de setembro, serán prestados polas administracións públicas galegas, de acordo co establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, artigos 4 c) e 29.
4. Asegurar que na determinación do sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do custo dos servizos, establecido no Decreto 149/2013, non haberá novos copagos nin incremento dos xa existentes.
5. Demandar do Goberno do Estado que impulse a constitución dun grupo de traballo con representantes dos grupos parlamentarios e comunidades autónomas, co obxectivo de alcanzar un amplo acordo para garantir a sostibilidade, o desenvolvemento e o financiamento por parte das administracións públicas do Sistema de Autonomía e

Grupo Parlamentario

atención á Dependencia. Para iso, realizarán unha avaliación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.”

6. Evitar, mentres non se constitúa este grupo de traballo, novas medidas de recorte sobre as prestacións que debe outorgar a Xunta de Galicia ás persoas recoñecidas pola Lei 39/2006.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 26/09/2014 14:34:07

José Luís Méndez Romeu na data 26/09/2014 14:34:13

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno para a súa tramitación urxente**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola proximidade da celebración do Día Mundial da Saúde Mental, o día 10 de outubro.

Exposición de motivos

O día 10 de outubro, celébrase o Día Mundial da Saúde Mental baixo un lema suxerido pola OMS “Vivindo con esquizofrenia”.

Esta recomendación busca facer visíbel a difícil situación na que se atopan unha boa parte dos cidadáns que padecen esquizofrenia ou outro *trastorno mental grave* -un colectivo estimado nuns 75.000 galegos-, co obxectivo de alertar sobre a necesidade de darlle un cambio real as súas condicións de vida.

Lamentablemente os datos estatísticos obrigan a unha detida reflexión: unha esperanza de vida 20 anos inferior á poboación xeral; a máis alta taxa de suicidios do Estado español; sete veces máis risco de sufrir desemprego; e os máis altos índices de exclusión social.

Ademais a crise económica veu actuar dramaticamente nun duplo fronte. Por unha banda, a política de recortes nos servizos públicos, nomeadamente sociais e sanitarios, levou a un deterioro na atención especializada e da cobertura das necesidades sociais básicas destes doentes, o que condicionou unha maior morbi - mortalidade. Por outra, o aumento da desigualdade e dos niveis de pobreza, tanto en intensidade –máis pobreza-, como en extensión –máis pobres, chegando a sectores cada vez máis amplos-, fixo agromar trastornos psíquicos, como expresión dos elevados niveis de sufrimento que moitas persoas están a soportar. Factores como o desemprego, a redución da protección social e sanitaria públicas, o incremento da emigración, a perda da vivenda, máis a xeneralizada

Grupo Parlamentario

sensación de inseguridade ante o futuro, son factores que agravan unha situación, xa moi preocupante mesmo antes do comezo da crise.

As persoas con *trastorno mental grave*, máis as que enferman nunha reacción ao empobrecemento, atópanse nun círculo de difícil saída: maior dano á saúde, e menos recursos para seren atendidos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, e unha vez formuladas as reflexións que nos fixeron chegar dende o Movemento Galego da Saúde Mental, quere facer chegar tamén ao Goberno Galego as súas propostas e por iso, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Procurar dos poderes públicos, das institucións públicas e privadas, dos axentes sociais e económicos, e da sociedade no seu conxunto, un compromiso real contra o estigma que sofren as persoas afectadas por trastornos psíquicos. Isto debe conlevar accións de discriminación positiva e un reflexo nos investimentos para facilitalo. Cómpre rematar coa discriminación social e laboral deste colectivo.

2) Poñer equitativamente ao alcance de todo aquel que o precise, os tratamentos psicolóxicos e médicos, e as intervencións sociais, que teñan demostrada eficacia para mellorar o dano causado pola enfermidade mental, no coñecemento de que, con asistencia apropiada, actitudes solidarias e apoios axeitados, unha boa parte dos enfermos poderán desenvolver unha vida en condicións de saúde, normalidade e integración social.

3) Aumentar o seu esforzo, sensibilidade e compromiso coa atención á saúde mental, e máis en particular co colectivo de persoas afectadas por un *trastorno mental grave*. Iso require, en cumprimento das orientacións dos organismos internacionais de referencia neste ámbito, a adopción urxente de accións de goberno guiadas polas seguintes orientacións:

- A atención á saúde mental debe ser prioritaria para as políticas sanitarias públicas, mediante o deseño, promulgación e aplicación de estratexias e plans específicos. Estes terán en conta o risco agravado para a saúde mental do contexto actual de crise socioeconómica. Elaboración periódica dun plan estratéxico de saúde mental.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Reforzo da atención sanitaria ás persoas con *trastorno mental grave*, mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. En particular no eido máis deficitario: o da atención comunitaria e da rehabilitación psicosocial. Presentación de plans de necesidades e plans funcionais para todas as áreas sanitarias para a atención dos e das doentes con *trastorno mental grave*.
- Potenciar as medidas de protección social ás persoas afectadas por *trastorno mental grave* e ás súas familias. Cumprimento da *Lei de dependencia*.
- Desenvolver políticas activas de emprego dirixidas especificamente a promover a incorporación e sostemento na actividade laboral normalizada das persoas con *trastorno mental grave*.
- Impedir a promulgación de calquera medida legal que actúe incrementando o estigma ou diferenciando negativamente ás persoas con *trastorno mental grave*, nomeadamente as actuais propostas de reforma do Código Penal.

B) O Parlamento de Galicia acorda no ámbito das súas competencias e obrigas asumir ante as persoas afectadas por *trastorno mental grave* e as súas familias, e ante a sociedade en xeral, o compromiso de intensificar o seguimento das políticas da Xunta de Galicia neste eido e de desenvolver as iniciativas lexislativas e propostas que procedan para avanzar na concreción das orientacións antes expostas.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 24/09/2014 10:07:05

María Carmen Gallego Calvar na data 24/09/2014 10:07:13

Juán Carlos González Santín na data 24/09/2014 10:07:16

Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 24/09/2014 10:07:23

María Soledad Soneira Tajés na data 24/09/2014 10:07:28

María Concepción Burgo López na data 24/09/2014 10:07:36

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/09/2014 10:07:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2014 10:07:49

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2014 10:07:54

Manuel Vázquez Fernández na data 24/09/2014 10:08:00

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 24/09/2014 10:08:06

Beatriz Sestayo Doce na data 24/09/2014 10:08:13

José Manuel Gallego Lomba na data 24/09/2014 10:08:19

María Carmen Acuña do Campo na data 24/09/2014 10:08:25

José Antonio Sánchez Bugallo na data 24/09/2014 10:08:31

José Ramón Val Alonso na data 24/09/2014 10:08:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/09/2014 10:08:43

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 24/09/2014 10:08:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Vicente Docasar Docasar, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio - Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña). O PP criticaba en 2009 que, desgraciadamente, Galicia estaba perdendo as oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Hoxe, no 2014, efectivamente existe ese problema: de feito, en abril do ano 2011 e no pasado mes de outubro, o Tribunal de Xustiza da UE sancionou a España polos seus incumprimentos en Galicia.

A maior abundancia, no documento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo e relativo á visita da delegación de parlamentarios da UE no pasado mes de febreiro, conclúese, entre outras cousas, que existen zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas, pero están en grave perigo se non se toman medidas.

En Monforte de Lemos (Lugo), a depuradora de augas residuais sita na parroquia de Piñeira non funciona, ten grandes eivas, é insuficiente e as súas instalacións non teñen mantemento axeitado. O resultado é que as augas depuradas que se verten no río Cabe son contaminantes.

Esta situación é coñecida polo Goberno do PP dende hai máis de 3 anos. O propio Parlamento debatera o asunto na pasada lexislatura e, naquel debate, o Grupo Parlamentario Popular votara a favor de construír unha nova EDAR para Monforte, cunha partida orzamentaria de 7 millóns de euros da Xunta de Galicia. O propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dicía en Monforte, no ano 2012, que redactarían o proxecto construtivo e farían as obras en varias anualidades.

Grupo Parlamentario

Non obstante, para o presente ano 2014, o orzamento da Xunta de Galicia non recolle nin unha soa partida para esta inversión. Fomos os socialistas os que pedimos que fose aprobada unha emenda ao orzamento, que o PP rexeitou.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A maior abundancia, nesta mesma comisión foi debatida unha proposición non de lei sobre a futura EDAR, que o PP rexeitou tamén.

Por último, con data 27 de marzo, o Goberno contestaba que tiña coñecemento de certas eivas na EDAR, que Augas de Galicia fixera un estudo entre os anos 2012 e 2013 que puxera en coñecemento do propio concello, que nel xa estaban identificadas as necesidades, que será o concello o que teña que traballar na rede de saneamento e que Augas de Galicia poderá prestar apoio técnico e financeiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que cumpra os seus compromisos para dotar dunha nova EDAR ao concello de Monforte de Lemos antes de que remate o ano 2016, dando resposta ás necesidades da zona urbana e do Polígono Industrial do Reboredo, nos seguintes prazos:

- 1º- Coa redacción do proxecto construtivo antes de que remate o ano 2014.
- 2º- Coa licitación, adxudicación e comezo das obras no primeiro semestre de 2015.
- 3º- Cunha partida orzamentaria singularizada para a EDAR nos orzamentos da Xunta de Galicia para os vindeiros anos 2015 e 2016.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Vicente Docasar Docasar
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2014 18:30:13

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 18/09/2014 18:30:19

Manuel Vázquez Fernández na data 18/09/2014 18:30:26

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2014 18:30:32

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/09/2014 18:30:38

José Luís Méndez Romeu na data 18/09/2014 18:30:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

As nais e pais e o profesorado do CPI Suárez Marquier no Rosal iniciou o 10 de setembro de 2014 un peche indefinido en demanda do cumprimento da Orde do 12 de agosto do 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial. Esta Orde prescribe que os centros de Educación Primaria contarán cun segundo profesor de educación física cando teñan 10 ou máis unidades. Ese é o caso do CPI Suárez Marquier, e polo tanto correspóndelle este segundo profesor de Educación Física. No mes de agosto publicouse unha modificación dos catálogos de profesorado dos centros sen que se realizase ningunha modificación neste centro do Rosal, polo que a Consellaría de Educación entendeu que o Centro precisa ese profesorado que se lle asigna por Orde publicada no DOG. Por outra banda ese é o profesorado que teñen outros centros co mesmo número de unidades.

O profesor ou profesora que agarda o CPI Suárez Marquier no Rosal tería encomendadas as tarefas de titor ou titora dun curso de primaria. Asemade, o Centro ten sete aulas con 24 alumnos/as (a rateo máxima, fixada en 25 alumnos por aula) contándose entre eles nenos e nenas con necesidades educativas específicas que fan necesaria a presenza dun profesor de apoio na aula. Profesor/a que, se a Administración non cumpre a lei, non poderá realizar eses apoios coa consecuente incidencia na



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade do ensino recibido polo alumnado. A maiores sería difícil realizar outras funcións como as substitucións do profesorado que puider faltar por diferentes motivos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellaría de Educación ao cumprimento da Orde de catálogos para todos os centros educativos.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/09/2014 18:39:41

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/09/2014 18:39:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao denominado “Código Ético y de Conducta de Abanca”.

O 18 de setembro de 2014 a entidade Abanca aprobou unilateralmente un denominado “Código Ético y de Conducta”. No seu artigo 2 establécese que as persoas afectadas por este Código serán as integrantes dos órganos de goberno, equipo directivo e resto de empregados e empregadas do Banco e aquelas persoas ou entidades implicadas na prestación de servizos por terceiros ás que, a xuízo de “Capital Humano”, resulte relevante esixir a súa adhesión.

Esta norma, malia o seu atractivo rótulo de fomentar valores como a *responsabilidade, confiabilidade, calidade e innovación* contén artigos que tratan de restrinxir abertamente os dereitos políticos, sociais e sindicais dos traballadores e traballadoras.

Así, o artigo 120 di textualmente:

“La participación directa en política, instituciones públicas u organizaciones sociales o sindicales ajenas al banco, aun siendo legítimas, pueden ser incompatibles con el ejercicio activo en el banco. Deberá ser comunicada previamente al Comité de Ética del Banco”.

Ademais, o Comité de Ética que deberá decidir se “a participación directa en política, institucións públicas ou organizacións sociais ou sindicais alleas ao banco pode



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ser incompatíbel co exercicio activo no banco” está presidido polo Conselleiro Delegado, o secretario é o Director Xeral de “Capital Humano” e os vogais son o Auditor Xeral e os Directores Xerais de Control Corporativo e Riscos, Goberno Corporativo e Asuntos Legais e Responsabilidade Social Corporativa (Sr. Miguel Ángel Escotet, irmán do Sr. Juan Carlos Escotet, Vicepresidente de Abanca e Presidente do Grupo Banesco Internacional). É dicir, a alta dirección do banco resérvase para si tomar decisións que poden conculcar o exercicio por parte dos/as empregados/as de dereitos fundamentais amparados constitucionalmente.

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno relativa ao denominado “Código Ético y de Conducta de Abanca”:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a emprender as accións oportunas para protexer os dereitos políticos, sociais e sindicais dos traballadores e traballadoras de Abanca”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2014 11:36:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/09/2014 11:36:26



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa aos retrasos acumulados polo Fogasa na tramitación de expedientes de indemnizacións por despedimentos de empresas en creba e nos pagos @s traballadores e traballadoras.

As diferentes reformas laborais representaron graves repercusións para a clase traballadora polo que supuxeron de recorte de dereitos, foron feitas para satisfacer unicamente as demandas do capital: desregulación, abaratamento e facilidade para o despedimento.

Lonxe do mantido polo discurso oficial do poder, non se buscou a estabilidade nin a creación de emprego e moito menos de emprego de calidade. Detrás agóchase unha clara cesión ás presións da UE, do capital financeiro internacional e da Troika. Todos moi interesados nunha política de recortes no mercado laboral para favorecer o aumento das marxes de beneficio da patronal, e garantir por esa vía que a banca privada pague a débeda que ten contraída e siga a enriquecerse.

Neste contexto, o Fondo de Garantía Salarial, que ten entre as súas funcións garantir que os traballadores/as de empresas en quebra cobren unha parte dos salarios e indemnizacións, acumula en Galiza uns altísimos prazos de demora.

Antes da reforma nos despedimentos improcedentes o Fogasa subvencionaba o 40% do custe nas empresas de menos de 25 persoas asalariadas, que son a inmensa maioría en Galiza, e agora tras a reforma aínda que formalmente deban pagalo todo as



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas, ante a incapacidade económica da maioría delas para facer fronte aos pagos das indemnizacións, @s traballadores e traballadoras vense obrigad@s a solicitar do Fogasa os pagos.

No ano 2008 as resolución dos expedientes tiñan unha demora media de entre 8 e 10 meses, na actualidade a resolución dos expedientes chegan a ter retrasos de entre 15 e 18 meses. Si a estes retrasos se lles suma a tramitación xudicial previa de quebras, despidos ou reclamacións de cantidades, algúns traballadores e traballadoras poden verse na situación de agardar tres anos desde que son despedidos até que chegan a cobrar todo o que se lle adebeda.

Nunha situación onde o volume de traballo multiplicouse debido aos múltiples ERES e peches de empresas, o persoal que presta o seu servizo no mesmo non foi ampliado e a isto hai que engadir que o Fogasa está procedendo a abrir dous expedientes diferentes para realizar os pagos, un para o 40% da indemnización e outro para o 60% restante.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, lonxe a atender ás peticións de ampliación do persoal do Fogasa, o que fixo foi seguir a súa folla de ruta de privatizacións, procedendo á externalización de parte da tramitación administrativa á empresa Tragstec, a pesar do cal as demoras persisten e aumentan.

Hai fundadas sospeitas de que esta situación, que está a provocar situacións de desatención e abandono da clase traballadora, non se dá por casualidade senón que responde a unha estratexia do Goberno do Partido Popular de diferir os pagos para anos vindeiros e deste xeito cumprir cos “sacrosantos” obxectivos de déficit. Mais unha vez os dramas das persoas, as súas penalidades son danos colaterais para o PP.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo o aumento en Galiza das plantillas do Fogasa con persoal propio, e a proceder a suprimir a externalización do servizo realizada en setembro do 2013 e a realizar todas as accións precisas para axilizar os expedientes, que en Galiza afectan a máis de 20.000 traballadores e traballadoras, para que est@s perciban as indemnizacións que lle corresponden de xeito inmediato.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2014 14:17:54

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/09/2014 14:17:59



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa o control das visitas no Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galiza.

Os incumprimentos reiterados e contumaces da propiedade do Pazo de Meirás, declarado BIC pola Xunta de Galiza e polo tanto coas obrigas de apertura ao público que establece a Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza, foron obxecto de deferentes iniciativas por parte do Grupo Parlamentar do BNG.

Por citar unha, a pregunta para resposta escrita nº 7525, a iniciativa de Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre o “incumprimento do réxime establecido para as visitas ao pazo de Meirás, publicada no BOPG nº 102, do 15 de maio de 2013.

Os incumprimentos veñen de vello, son reiterados, e nos últimos días os medios de comunicación facíanse eco de que se impediu o acceso a unha persoa con discapacidade física, ao parecer porque as rodas da cadeira, que lle permiten desprazarse, poderían raiar a madeira do chan dos locais a visitar.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é un feito humillante non só para a persoa afectada, senón tamén para o conxunto da sociedade que contempla atónita como os herdeiros do Ditador seguen a facer o que lles da a gana, co silencio cómplice e mesmo co consentimento por omisión do propio goberno da Xunta, facendo bo o dito de “quen cala outorga”.

Este feito grave é outro desafío intolerable ao poder político galego que debería ser sancionado como se merece.

O Grupo Parlamentar do BNG non ten coñecemento de que o Goberno da Xunta teña tomado ningunha medida en relación con estas situacións de todo punto lamentables e incluso contrarias neste último caso aos máis elementais dereitos das persoas, como é a non discriminación pola condición física.

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Adoptar algunha das medidas sancionadoras previstas na Lei 8/1985 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza para o caso de graves incumprimentos no réxime de visitas, vistos os reiterados incumprimentos que se veñen producindo ano tras ano no Pazo de Meirás.

2.- Adoptar cantas medidas sexan necesarias para impedir a vulneración de dereitos fundamentais das persoas como é impedir o acceso dun discapacitado físico á visita do BIC Pazo de Meirás.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Abrir o correspondente expediente para sancionar polas condutas descritas aos propietarios do BIC Pazo de Meirás.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/09/2014 13:38:43

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/09/2014 13:38:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O sector enerxético ten para Galiza un considerábel valor estratéxico, pois representa arredor dun 8% do PIB galego, ademais de ser un factor importante na produción industrial, tratándose dun sector con fortes potencialidades de crecemento de existir un marco acaído para o seu desenvolvemento.

Malia esa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada un aproveitamento propio dos seus recursos enerxéticos. Durante décadas desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, en base ao seu potencial hidroeléctrico e aos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico. Porén este potencial, Galiza non recibiu réditos do aproveitamento dos seus recursos, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, onde obteñen unha parte importante da súa produción enerxética. Neste escenario incluso está a sufrir unha deficiente calidade do subministro eléctrico.

O proceso liberalizador no sector eléctrico, iniciado en 1997, implicou unha maior centralización das decisións, limitando as posibilidades dunha participación real



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das institucións galegas na planificación e dirección deste importante sector para a nosa economía. A nova regulación do sector eléctrico, aprobada pola Lei 24/2013, de 26 de decembro, afondou aínda máis nunha liña centralizadora que despoxa de calquera competencia de Galiza para influír na política enerxética, ficando a mercé das decisións adoptadas polo Goberno central. No seu desenvolvemento, o Real Decreto 413/2014 supón a concreción dos principios da citada lei sobre os que se articulará o réxime retributivo aplicábel á instalacións de produción de enerxía existentes a partires de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos.

Tanto a nova lei como o RD 413/2014 van alén da anterior normativa, e supoñen unha exclusión en toda regra das competencias galegas, continuando nunha liña xa avanzada polas reformas parciais do sector eléctrico executadas ao longo dos últimos anos polo Goberno central do PP. Se no marco anterior Galiza apenas decidía sobre o seu sector eléctrico, con estas reformas elimínanse algunhas das funcións que exercía, ficando totalmente anulada a súa marxe de manobra. En concreto, elimínase de facto o réxime especial, no que tiñan algunha capacidade de actuación as CCAA, caso de Galiza. Ademais, penalízase a capacidade de crear tributos propios no eido ambiental, co pretexto da influencia na formación dos prezos eléctricos, co que indirectamente tamén se afecta a autonomía financeira de Galiza.

Porén, o máis preocupante é que se pecha calquera posibilidade a que Galiza poida ter unha política enerxética propia que saque o maior proveito aos seus recursos, en función das súas necesidades, e onde poida revertirse esa situación de vantaxe como produtora de enerxía eléctrica nun impulso positivo para a economía galega, mesmo, poder obter compensacións polas externalidades negativas que sufriu e padece o noso país ao longo de décadas onde se esgotaron recursos sen que houbera un retorno directo por dito sacrificio.

O desenvolvemento lexislativo contemplado neste Real Decreto 413/2014 afecta dun xeito singular directa e negativamente ás competencias de Galiza co negativo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enfoque cara o aproveitamento de enerxías renovábeis, que son un recurso importante en Galiza. A eliminación na práctica do réxime especial implica un freo radical ao desenvolvemento e expansión das enerxías renovábeis, pondo mesmo en cuestión a efectiva aplicación de decisións adoptadas en Galiza, como o caso do concurso eólico.

A propia patronal do sector advirte, como xa fixera nas reformas parciais precedentes que aventuraban cara onde se dirixía a liña de exterminación do fomento das enerxías renovábeis do Goberno central, que o modelo de desenvolvemento das enerxías renovábeis en Galiza estaría abocado ao peche de executarse plenamente a reforma do sector eléctrico. Así, a Asociación Eólica de Galiza (EGA) sinala que a reforma resultará especialmente grave en Galiza xa que é moi lesiva para as instalacións promovidas con anterioridade ao 2005, como é o caso das galegas.

As diferentes reformas, cuxo último chanzo é o RD 413/2014 supoñen unha clara agresión ao noso país, ao regular e someter dito sector en función dos intereses alleos capitaneados polas grandes compañías enerxéticas, e dese xeito coutando as posibilidades de desenvolvemento óptimo dun sector en base ao aproveitamento sustentábel dos recursos propios.

Aínda que a Constitución de 1978 outorga a competencia ao Estado tanto para fixar as bases do sector mineiro e enerxético (artigo 149.1.25), como para elaborar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica (artigo 149.1.13), temos que aternos precisamente á literalidade de ditos títulos competenciais que están a facer referencia a aspectos básicos, non a promulgar unha lexislación expansiva, con vontade de abranguer case todo un ámbito material, e mesmo con limitacións absolutas que impiden solucións legais distintas e acaídas á realidade de cada territorio.

Noutra banda, o EAG atribúe competencias exclusivas en determinadas materias relacionadas co sector eléctrico (artigo 27.13), ou de xeito compartido con carácter xeral no que atinxe ao réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3). Polo tanto, aínda existindo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esa potestade de ditar bases no eido material da enerxía, hai que respectar tamén a concorrencia compartida de Galiza, que o Real Decreto 413/2014 vulnera, ao impedir que poidamos deseñar un modelo enerxético propio aínda dentro dun marco básico estatal, concretamente no relativo ao réxime retributivo aplicábel a fontes de enerxía renovábeis, de coxeración e residuos.

Polo dito, e tamén considerando que a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional dispón a lexitimación das comunidades autónomas para interpiren conflitos de competencias que afecten ao seu ámbito de autonomía, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda instar ao Goberno galego a:

“Demandar do Goberno central a competencia exclusiva para deseñar e aplicar o desenvolvemento das enerxías a partir de fontes renovábeis en Galiza en exclusiva, reclamando a capacidade normativa e executiva no que atinxe á planificación e autorización de instalacións de produción enerxética renovábel, así como do establecemento do seu réxime de retribución.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 23/09/2014 17:32:27

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/09/2014 17:32:36



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas **María Tereixa Paz Franco** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao anuncio de privatización da xestión da Residencia da 3ª Idade do Carballiño, e se se trata dun novo paso na privatización do conxunto do sistema de asistencia a persoas maiores en Galiza.

No ano 2008 produciuse a licitación das obras para acometer melloras de adecuación no edificio que alberga a Residencia da Terceira Idade do Carballiño e a construción dun novo para ampliar a capacidade e número de prazas de dita residencia.

A finalidade de ditas actuacións era a de crear 59 novas habitacións, das cales 24 para persoas asistidas, 20 para psioxeriatría, 11 para enfermos crónicos, e catro de enfermaría. Con estas actuacións producíase un aumento significativo do número de prazas que se ofertaban e comportaría a xeración de arredor de 80 novos postos de traballo para a atención ás novas necesidade do centro.

Estas obras están rematadas desde o ano 2010, logo dun investimento por parte da Administración galega de 6,5 millóns de euros na súa execución, a pesar do cal por parte da Xunta de Galiza non se ten realizado a súa apertura. Aínda que en varias ocasións se atribuíron amortizacións de postos de traballo noutros servizos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar a que isto obedecía á necesidade de dotar os novos postos que se xeraban neste centro, a día de hoxe nada se sabe aínda acerca da dotación de persoal para este centro.

No mes de abril do ano 2013, nunha resposta escrita ás deputadas que subscriben esta iniciativa o Goberno galego, manifestou que estaban definindo as necesidades de equipamento do centro logo do cal se produciría a licitación para a súa posta en funcionamento.

Durante todo este tempo de dilacións téñense producido diferentes informacións en relación coa eventual privatización na xestión de dito servizo, opción á que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego sempre amosou a súa máis rotunda oposición por considerar que é unha opción que só beneficia a quen se lucra da necesidade das persoas e só vai en detrimento da calidade do servizo e das garantías para a cidadanía.

Agora e logo de diversos desmentidos, sempre realizados con pouca convicción, parece que o Goberno galego ven de adoptar a decisión de proceder á apertura de dita infraestrutura e tal e como viñamos denunciando a través da privatización da súa xestión.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a reconsiderar e revogar a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

decisión de privatizar a xestión da Residencia da 3ª Idade do Carballiño e a que se proceda nun prazo non superior aos dous meses á súa apertura mediante xestión pública directa da propia administración, abrindo o proceso pública para a dotación do persoal laboral necesario para a súa atención.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 23/09/2014 18:24:40

María do Carme Adán Villamarín na data 23/09/2014 18:24:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das deputadas **María Tereixa Paz Franco** e **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao anuncio de privatización da xestión da Residencia da 3ª Idade do Carballiño, e se se trata dun novo paso na privatización do conxunto do sistema de asistencia a persoas maiores en Galiza.

No ano 2008 produciuse a licitación das obras para acometer melloras de adecuación no edificio que alberga a Residencia da Terceira Idade do Carballiño e a construción dun novo para ampliar a capacidade e número de prazas de dita residencia.

A finalidade de ditas actuacións era a de crear 59 novas habitacións, das cales 24 para persoas asistidas, 20 para psioxeriatría, 11 para enfermos crónicos, e catro de enfermaría. Con estas actuacións producíase un aumento significativo do número de prazas que se ofertaban e comportaría a xeración de arredor de 80 novos postos de traballo para a atención ás novas necesidades do centro.

Estas obras están rematadas desde o ano 2010, logo dun investimento por parte da Administración galega de 6,5 millóns de euros na súa execución, a pesar do cal por parte da Xunta de Galiza non se ten realizado a súa apertura. Aínda que en varias ocasións se atribuíron amortizacións de postos de traballo noutros servizos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependentes da Consellaría de Traballo e Benestar a que isto obedecía á necesidade de dotar os novos postos que se xeraban neste centro, a día de hoxe nada se sabe aínda acerca da dotación de persoal para este centro.

No mes de abril do ano 2013, nunha resposta escrita ás deputadas que subscriben esta iniciativa o Goberno galego, manifestou que estaban definindo as necesidades de equipamento do centro logo do cal se produciría a licitación para a súa posta en funcionamento.

Durante todo este tempo de dilacións téñense producido diferentes informacións en relación coa eventual privatización na xestión de dito servizo, opción á que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego sempre amosou a súa máis rotunda oposición por considerar que é unha opción que só beneficia a quen se lucra da necesidade das persoas e só vai en detrimento da calidade do servizo e das garantías para a cidadanía.

Agora e logo de diversos desmentidos, sempre realizados con pouca convicción, parece que o Goberno galego ven de adoptar a decisión de proceder á apertura de dita infraestrutura e tal e como víñamos denunciando a través da privatización da súa xestión.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a reconsiderar e revogar a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

decisión de privatizar a xestión da Residencia da 3ª Idade do Carballiño e a que se proceda nun prazo non superior aos dous meses á súa apertura mediante xestión pública directa da propia administración, abrindo o proceso pública para a dotación do persoal laboral necesario para a súa atención.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 23/09/2014 18:24:19

María do Carme Adán Villamarín na data 23/09/2014 18:24:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López, Carmen Gallego Calvar e Francisco Caamaño Domínguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veu colaborando durante o últimos anos cos concellos galegos na prestación de diferentes servizos educativos, entre eles os programas destinados a diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen obter a titulación de educación secundaria obrigatoria e, de igual xeito, aqueles orientados á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación.

A última vez que se contemplaron axudas con tal finalidade foi a través da Orde do 26 de abril de 2013 pola que se establecían as bases e se convocaban, en réxime de concorrência competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013 (DOG, 8 de maio de 2013).

A orde referida contaba cun orzamento cuxo importe ascendía á cantidade de 1.799.933,20 euros, sinalándose de forma expresa, ademais, que tal dotación podería aínda incrementarse “na medida en que existise crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2013, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia”.

A partir de tal data, conforme se apuntou, non se realizou ningunha outra convocatoria relativa a este tipo de colaboración entre a administración autonómica e as corporacións locais. Constitúe este un feito altamente sorprendente á vista da longa traxectoria, segundo con anterioridade se indicou, desde tipo de programas, de extensa receptividade social á vista da súa elevada demanda por parte da poboación e moi frutífera tendo en conta os bos resultados

Grupo Parlamentario

que ten deparado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É de destacar que, pese á súbita interrupción de tales axudas, bastantes corporacións locais optaron por continuar desenvolvendo no presente ano 2014 tales programas educativos, asumindo na súa totalidade os custos correspondentes, debido especialmente ao número cada vez maior de participantes como consecuencia da actual situación de crise económica e da necesidade de levar a cabo programas de segunda oportunidade no eido formativo.

Resulta certamente indignante a falta de sensibilidade dos responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ante unha cuestión desta natureza.

Ao Grupo Parlamentario Socialista teñen chegado nas últimas semanas queixas reiteradas de diferentes concellos de Galicia, lamentando esta actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que repoña as axudas que os concellos viñan recibindo dende hai anos para diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen obter a titulación de educación secundaria e, de igual xeito, aqueles orientados á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 23/09/2014 19:04:16

María Concepción Burgo López na data 23/09/2014 19:04:28



 [Grupo Parlamentario](#)

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:04:41

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 23/09/2014 19:04:46

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:04:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O comercio ilegal de animais domésticos, aquel que implica a criadores que non están debidamente rexistrados e que non devesen achegas ás diferentes instancias fiscais polas súas transaccións, está a fomentar lacras tales como o abandono animal, co conseguinte custo para as administracións e, en definitiva, para os cidadáns.

A compravenda de animais domésticos sen cumprir coas escasas obrigas que na actualidade marca a normativa é unha actuación sinxela, que se beneficia do anonimato das novas tecnoloxías.

Resulta preciso desenvolver un contido mínimo para que aquelas persoas que crían e venden animais dun xeito regulamentado poidan garantir o benestar animal e, á vez, os dereitos das persoas consumidoras, poñendo sobre a mesa cuestións fundamentais que xa se teñen en conta noutras comunidades autónomas.

Na propia UE téñense producido avances, polo que é imprescindible unha harmonización e unha regulación axeitadas, partindo da compravenda dalgúns animais -como cans e gatos- recoñecidos xa como seres sensibles.

Todo o anterior fai necesario regulamentar esta actividade lucrativa, os requisitos para a crianza e os coidados dos animais domésticos, a súa comercialización e os dereitos das persoas que os adquiren.

En definitiva, é necesaria unha nova regulación coa fin de que a adquisición de animais domésticos se faga de forma responsable, non dun xeito impulsivo ou irreflexivo consecuencia da propia promoción do consumo, e coa fin de establecer as medidas axeitadas para previr condutas nocivas e negativas, como o maltrato e abandono de animais.

Grupo Parlamentario

En virtude do exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á modificar o Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no seguinte senso:

1. Prohibir o comercio con animais fóra de certames ou outras concentracións de animais vivos e establecementos de venda e de cría autorizados, salvo as transaccións entre as persoas particulares cando se limiten aos seus animais de compañía, non teñan afán de lucro e se garanta o benestar do animal.
2. Esixir aos establecementos aos que se refire o artigo 33 do regulamento que reúnan (nun prazo de seis meses, contados dende a entrada en vigor desta modificación) e para ser autorizados e rexistrados, o seguinte requisito zoosanitario: manter aos animais nun lugar axeitado dentro do establecemento, sen exhibilos en escaparate, abrevados e alimentados correctamente e coa súa identificación cando sexa obrigatoria.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/09/2014 19:31:11

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:31:18

Manuel Vázquez Fernández na data 23/09/2014 19:31:20



Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 23/09/2014 19:31:25

José Antonio Sánchez Bugallo na data 23/09/2014 19:31:31

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:31:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No seu día, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciaba o tremendo recorte que Feijoo estaba a aplicar ao orzamento destinado a vacinación. Recorte que o Goberno PP xustificou coa compra centralizada das vacinas.

Nos orzamentos do 2013 a partida destinada ao programa galego de vacinacións baixou 3 millóns de euros en relación ao destinado o ano anterior. Dos 15 millóns do ano 2012 a tan só 12 millóns para o ano 2013. E nos orzamentos do 2014 volveron recortar un millón máis.

Pero o tempo foi demostrando o que realmente había tras esa redución nos orzamentos, un acordo adoptado no Consello Interterritorial pola maioría do PP para consensuar un calendario de vacinas de mínimos, tildado de **calendario de mínimos básico e retrogrado** pola Asociación de Pediatría Española que condenou que se prescindira de vacinas que ata agora se estaban aplicando.

Como é o caso da vacina da varicela que se estaba aplicando na primeira infancia por recomendación dos e das pediatras e que agora non, pois non se atopa nas farmacias bloqueada polo Ministerio de Sanidade.

Pero, ademais, esa centralización recortada provocou en Galicia a supresión da inclusión prevista da vacina do meningococo tipo B que quedou relegada ao uso hospitalario.

Esas decisións xa están tendo consecuencias. No caso da varicela cun incremento do 80 % nesa enfermidade.

Grupo Parlamentario

Ademais, nas idades máis preocupantes nos menores de 4 anos e nas persoas adultas que é cando as complicacións da varicela poden ser máis graves.

En canto a restrición ao uso hospitalario da vacina da meningococemia tipo B, dicir que conta coa oposición dos profesionais galegos máis prestixiosos e expertos en vacinación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Repoñer, de inmediato, a vacina da varicela nas farmacias galegas para que se poida dispensar naqueles casos que recomenden os especialistas.**
- 2. Que se inclúa, de forma inmediata, no calendario de vacinación galego, a vacina para a meninxites tipo B.**
- 3. Que propoña no Consello Interterritorial a vacinación de varicela na primeira infancia, tal e como recomenda a Sociedade Española de Pediatría e que se valore a inclusión da vacinación da meninxites tipo B para todo o Estado.**

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña do Campo na data 23/09/2014 19:56:00

Manuel Vázquez Fernández na data 23/09/2014 19:56:06

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:56:11

María Remedios Quintas Álvarez na data 23/09/2014 19:56:14

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:56:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións da Xunta de Galiza en relación á situación do sector vitivinícola.

En diversas ocasións desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos suscitado o debate en torno á necesidade de impulsar medidas para vertebrar as relacións no ámbito do sector vitivinícola. Entre outras cuestións temos promovido a necesidade de que exista un mecanismo de interlocución entre os diversos axentes que interveñen no sector para acadar acordos nese ámbito.

Consideramos que é imprescindible realizar actuacións públicas decididas para garantir instrumentos que regulen as relacións de compravenda de uva para que esta non estea sometida unicamente ás continxencias de mercado, e para evitar a imposición unilateral das condicións. A existencia de contratos homologados nas diferentes denominacións de orixe vitivinícolas nos que se establezan os prezos en función das variedades, graduación, etc, e demais cuestións que pacten as partes, é unha medida básica para garantir a supervivencia do sector.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera absolutamente necesario implicarse na consecución de acordos deste tipo, toda vez que, xa que como se constatou cos acadados na Mesa do Viño no ano 2006, nas distintas denominacións de orixe, produciuse un salto cualitativo nas relacións dentro do sector dotando de máis estabilidade ao sector. Porén nos últimos anos foron diferentes os pasos atrás que se produciron nas diferentes denominacións de orixe, ten motivado, xunto con outros factores, que actualmente se produza unha situación delicada no sector do viño. Que segue a ser un sector estratéxico en diferentes comarcas de Galiza.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a impulsar as seguintes medidas en relación coa situación do sector vitivinícola:

1.- Convocar Mesa do Viño coa participación de todos os axentes que interveñen no sector e coa mediación da administración, coa finalidade de analizar a situación do sector e de acadar acordos que garantan relacións contractuais igualitarias entre produtores e industria, nos que se establezan garantías de recollida e de prezos mínimos pola uva.

2.- Establecer medidas de financiamento público para adiantar liquidez ás industrias que subscriban contratos homologados cos produtores para que poidan cobrar a produción antes da finalización do ano natural sen que estes adiantos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan garantidos a conta do produtor.

3. Que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta á hora da súa resolución que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 24/09/2014 09:54:06

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/09/2014 09:54:12



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación coas actuacións do Goberno Galego para velar polo cumprimento da legalidade nos consorcios provinciais de loita contra incendios e salvamento nos que participa.

Unha vez máis o dispositivo de emerxencias de Galiza acaba de ser cuestionado na legalidade da súa actuación. Nesta ocasión trátase do Consorcio Provincial de Lugo de Servizo contra Incendios e Salvamento en relación co proceso de selección de persoal que tivo lugar no ano 2012 para o parque comarcal de Monforte de Lemos.

Logo da investigación realizada arredor deste proceso polo Valedor do Pobo, na que constata a opacidade coa que se levou a cabo o procedemento que vulnerou dereitos dos e das aspirantes. Concretamente refírese á omisión na publicación das puntuacións, o cal impediu o exercicio do dereito dos e das aspirantes á reclamación de posíbeis erros ou deficiencias no cómputo das súas cualificacións.

Neste sentido emitiulle unha recomendación ao Consorcio, que temos que lembrar esta integrado entre outras administracións pola Xunta de Galiza, na que se requiría da publicidade das puntuacións acadadas por cada participante en dito proceso selectivo, coa apertura do trámite de alegacións aos e ás interesadas, e a retroacción do procedemento no caso de apreciárense incorreccións nas cualificacións finais obtidas. Curiosamente o Consorcio rexeitou o cumprimento de dita recomendación do Alto Comisionado do Parlamento.

Estamos pois ante varias administracións públicas que vulneran os principios



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

constitucionais no acceso a un emprego nun servizo público, aínda que cunha xestión privatizada, que se sostén con fondos públicos e nos que deberan respectarse os principios de igualdade, mérito e capacidade así como un procedemento baseado na transparencia e publicidade.

Tamén estamos ante varias administracións públicas que desoen unha recomendación do Valedor do Pobo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que esta Cámara non pode ser indiferente e é preciso que se reclamen explicacións deste proceder e sobre todo que se impulsen medidas para reparar tan desatinadas e arbitrarias actuacións.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a:

1.- Defender no Consorcio provincial de loita contra incendios e salvamento de Lugo a aceptación da recomendación do Valedor do Pobo en relación co proceso de selección de persoal para o parque comarcal de Monforte do no 2012.

2.- Darlle cumprimento á mesma publicando as puntuacións obtidas ao obxecto de permitir as alegacións oportunas e retrotraendo o procedemento nas circunstancias que figuran na recomendación.

3.- Regular nos distintos Consorcios provincias de loita contra incendios e salvamento dos que forma parte a Xunta de Galiza unha normativa de selección de persoal na que se garanta o respecto aos principios constitucionais no acceso a un



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emprego nun servizo público, aínda que cunha xestión privatizada, que se sostén con fondos públicos e nos que deberan respectarse os principios de igualdade, mérito e capacidade así como un procedemento baseado na transparencia e publicidade.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 24/09/2014 12:40:22

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/09/2014 12:40:29

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez e José Manuel Gallego Lomba** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O Goberno galego publicou a primeiros do presente mes unha instrución, a 7/2014, na que se abre o prazo para que as persoas usuarias actualmente adscritas ao centro privado de Povisa poidan solicitar o cambio a hospitais públicos.

Este proceso, que afecta de maneira relevante á poboación da Comarca de O Morrazo, en concreto dos concellos de Cangas e Moaña, adscrita a Povisa, está cheo de falsidades, medias verdades, opacidade e traslada demasiadas incertezas á poboación susceptible de ser beneficiaria do cambio a un hospital público.

A primeira das falsidades é que na actualidade, e sobre todo despois das decisións políticas adoptadas polo goberno Feijoo na construción do novo hospital de Vigo (máis pequeno, máis caro e privatizado), a poboación que atende Povisa en virtude do concerto que ten co Sergas non é materialmente posible trasladala toda a un ou varios centros públicos, senón non sería necesario ter ese concerto recentemente renovado entre o Sergas e Povisa.

A realidade é que nin agora nin no futuro, cando ese novo hospital estea funcionando a pleno rendemento, se pode obviar o concerto co hospital privado, precisamente esa foi unha decisión adoptada para claramente favorecer a iniciativa privada.

A opacidade e medias verdades derivan de que este é un proceso falto dunha información pormenorizada do que significa o cambio, de que prestacións hai no hospital privado e a cales se podería acceder e en que

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

condicións nos hospitais públicos, de que vai pasar coas persoas que están nas listas de espera máis altas de Galicia, porque hai unha clara intencionalidade de que este sexa un proceso destinado ao fracaso, a que haxa poucas persoas que se cambien de centro hospitalario, para xustificar a mesma existencia do concerto con Povisa e a deriva da consellería e do Goberno Feijoo cara a privatización da sanidade.

As incertezas, ocasionadas por esa opacidade, provocan unha grande preocupación entre as persoas usuarias á hora de tomar unha decisión porque estamos falando da súa saúde, e teñen medo a perder quendas, lugares nas listas de espera, etc.

Por este motivo, e dado a importancia que ten para a poboación da comarca poder optar a un centro hospitalario público para acceder á sanidade nas mesmas condicións que os demais galegos e galegas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o proceso de adscrición das persoas usuarias de Povisa aos centros públicos ata que estén garantidas cando menos as seguintes cuestións:
 - a) Información individualizada e pormenorizada a cada unha das persoas usuarias das novas condicións de asistencia sanitaria, carteira de servizos e alternativas no sistema público aos servizos non cubertos polo concerto con Povisa.
 - b) Acceso por parte das persoas usuarias, organizacións que as representan, concellos implicados, organizacións políticas, sindicais, etc. do texto íntegro do novo concerto do Sergas con Povisa.
 - c) Habilitar servizos de información específicos, a través de xanelas exclusivas ao efecto, nos centros de saúde de Cangas e Moaña, para as persoas usuarias que poidan estar interesados no trámite do cambio aos hospitais públicos.

 Grupo Parlamentario

2. Unha vez cumprido o anterior, ampliar o prazo de solicitude de cambio aos hospitais públicos coa suficiente información e publicidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 24/09/2014 18:14:35

María Carmen Acuña do Campo na data 24/09/2014 18:15:49

Manuel Vázquez Fernández na data 24/09/2014 18:15:54

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/09/2014 18:16:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2014 18:16:04

José Manuel Gallego Lomba na data 24/09/2014 18:16:10

José Luís Méndez Romeu na data 24/09/2014 18:16:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso** e **Ramón Vazquez Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

O Regulamento da UE 1169/2011 que determina a información agroalimentaria dos produtos do mercado europeo, debe garantir a información suficiente e clara aos consumidores co obxectivo de que poidan coñecer de xeito sinxelo e rigoroso os produtos que se poñen a súa disposición.

Na actualidade corremos o risco dun novo retroceso neste tipo de información, como xa ten acontecido, se a día de hoxe existe unha enorme bolsa de fraude na comercialización de produto, que se vende como galego, sen selo en realidade a plasmación dun retroceso nos requisitos de etiquetaxe, no senso de flexibilizar a información os consumidores, podería extender e legalizar o que hoxe xa é un problema para os nosos produtos.

Son moitas as firmas que utilizan o selo de Calidade de Galicia para introducir no mercado produtos que ou non proceden do noso país na súa totalidade ou en parte.

Por iso dende a administración debemos adoptar medidas contundentes na defensa do nosos produtos, garantindo a correcta comercialización dos mesmos e evitando o fraude.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a defender as achegas feitas os distintos grupos parlamentares por parte do consello regulador do mexillón, garantindo os mecanismos para trasladar o Parlamento e a Comisión Europea, a decisión inequívoca do goberno de garantir a correcta etiquetaxe dos produtos agroalimentarios do noso país, garantindo que na información o consumidor se recolla de forma clara a procedencia do produto polo que acorda asumir as seguintes propostas sobre a normativa europea:

A.- Modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da comisión:

1) O Apartado 12 do artigo 67, propondo a substitución polo seguinte texto “ 12 A información indicada nas letras a) e h) do artigo 58, apartado 5 do Regulamento de control non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura c)ombinada, agás os produtos da subpartida 160553(mexillón (Mytilus ssp. Prna spp.e 16055900, os demais.”

2) O apartado 5 do artigo 68, substitúese polo seguinte texto:

“5. O presente artigo non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160533 (mexillóns (Mytilus ssp., Perna spp) e 16055900, os demais.”

B) O parágrafo introdutorio do apartado 1 do artigo 35 do Regulamento (UE) 1379/2013 , do Parlamento Europeo e do Consello , modifícase como segue:

“1. Sen prexuízo do Regulamento (UE) nº 1169/2011 , os produtos da pesca e da acuicultura enumerados nos punto a),b),c) do Anexo I do presente Regulamento e os produtos da subpartida 160553, (mexillóns (*Mytilus ssp.*, *Perna spp.*) e 16055900 os demais, que se comercializan dentro da Unión , con independencia da súa orixe ou do seu método de comercialización, poderanse ofrecer á venda o consumidor final ou colectivos unicamente cando se indique no mercado ou na etiquetaxe correspondente.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Ramón Vázquez Díaz

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 25/09/2014 11:12:49

Ramón Vázquez Díaz na data 25/09/2014 11:12:59

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/09/2014 11:13:08



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a instar ao Goberno galego a tomar medidas para enfrontar a falta de actividade de embarcacións adicadas ao xeito.

Ven de publicarse a Orde AAA/1512/2014, de 30 de xullo, pola que se establece un Plan de xestión para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas dentro das divisións CIEM VIIIc e IXa, e que modifica a Orde AAA/1370/213, de 1 de xullo pola que se establece un Plan de xestión para buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste.

Conforme a esta Orde, as administracións portuguesa e española veñen de establecer o peche da pesqueira xustificándose que en base as información dispoñible xa se teñen esgotado as capturas acordadas por parte dos dous estados. Polo tanto queda pechada a pesqueira da sardiña a partir das 0:00 horas do día 20 de setembro de 2014.

Esta medida desoíu os criterios establecidos pola comisión sectorial do cerco do Consello Galego de Pesca que reclamaba medidas de xestión a través dun plan de recuperación para que as medidas non abocaran á paralización total da actividade e o amarre da flota.

Coa súa aplicación podemos comprobar como afecta por igual a tódolos segmentos da flota, esquecéndose que hai flotas que capturas grandes cardumes mentres que outras sobreviven con diminutas cantidades.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así temos que na Galiza existe un nutrido número de pequenas embarcacións que se adican a esta pesqueira coa arte tradicional do xeito, ou do racú que no conxunto da pesqueira representa unha cantidade pouco significativa, pero que aínda que escasa, a realidade é que precisan desta especie para a súa supervivencia, polo que impedir a súa captura obriga a ter que modificar o permiso de actividade, cando para moitas destas embarcacións é a arte prioritaria da que sobreviven.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a tomar medidas para enfrontar a falta de actividade de embarcacións adicadas ao xeito, xa que dende a resolución do Magrama do 18 de setembro de 2014 prohíbese a pesca da sardiña nas zonas Ciem VIIIc e IXa.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 25/09/2014 13:10:31

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 13:10:36

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/09/2014 13:10:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á publicación do concerto entre o SERGAS e o Policlínico POVISA ás garantías asistenciais e laborais que se derivan do mesmo e á paralización do procedemento de elección de provisor de atención sanitaria especializada da poboación adscrita a POVISA.

A Área Sanitaria de Vigo está a padecer un claro déficit de infraestruturas sanitarias como demostran as intolerables listas de espera cirúrxicas e para consultas e probas diagnósticas que padecen. Nesta situación o Novo Hospital de Vigo continua a súa construción, con anos de retraso, consolidando o modelo privatizador polo que apostou a Consellería de Sanidade. Este modelo suporá perda de postos de traballo na sanidade pública e a precarización do persoal que realizará as actividades privatizadas.

O Novo Hospital será máis pequeno e non estará dotado dos recursos necesarios para atender ao 100% da cidadanía.

Ademais anúncianse máis recortes e privatizacións como a que supón sacar do Novo Hospital o Laboratorio Central e situalo no H. Meixoeiro, o que facilita a súa privatización.

Neste contexto, o SERGAS asina un novo concerto con POVISA. Un



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concerto que condicionou o deseño do conxunto da Área Sanitaria, segregando recursos da Sanidade Pública para financiar o Concerto que suporá 75 millóns de euros anuais que sairán dos impostos de tod@s @s galeg@s, aos que previsibelmente haberá que engadir outros custes como a facturación dos servizos de referencia ou o gasto farmacéutico, pagando 540 € por tarxeta sanitaria. Supón a entrega a unha empresa privada dunha parte importantísima da atención especializada do sur da provincia de Pontevedra.

Resulta do todo inexplicábel que un concerto desta cuantía económica e de tanta relevancia para a atención sanitaria de miles de persoas non se faga público e se manteña agochado por parte da Xunta.

Tras a sinatura deste concerto, o SERGAS publicou a Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada, é dicir, a cidadanía que ten de referencia para atención especializada POVISA pode elixir ter de referencia ao CHUVI.

Na citada Instrución só se recolle o prazo do 30 de novembro para solicitar a adscrición aos hospitais de referencia no CHUVI, pero non se garante unha información personalizada a cada usuaria e usuario actual de POVISA, informando da carteira de servizos de POVISA segundo se recolla no novo Concerto e das alternativas no CHUVI. Tampouco se informa de en que condicións se realizará o cambio para as e os doentes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias ou para intervencións cirúrxicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Que faga públicos os termos do novo concerto con POVISA, xa que considera inadmisíbel que un concerto da administración pública cunha empresa privada, que custará 75 millóns de euros, permaneza agochado.

-Que defina as actuacións que ten previstas para garantir que POVISA atende @s doentes que teña asignados con ratios de calidade e de profesionais equiparables á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

-Que faga públicas as actuacións que ten previsto por en marcha para reducir as intolerables listas de espera que actualmente ten POVISA.

-Que informe @s usuari@s actualmente asignados a POVISA da carteira de servizos recollida no Novo Concerto e das alternativas no CHUVI, e en que condicións se realizará o cambio para @s doentes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias, para intervencións cirúrxicas...

-Que se paralice, en tanto non se informe debidamente aos usuarios/as asignados/as a POVISA, o actual proceso posto en marcha coa Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada.

-Que adopte as medidas oportunas para impedir que POVISA continúe a despedir persoal e a precarizar as súas condicións de traballo, incluso incumprindo sentencias xudiciais, unha vez asinado o novo concerto que, como recoñece a propia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellería, garante a estabilidade da empresa nos próximos dez anos.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 16:49:29

María do Carme Adán Villamarín na data 25/09/2014 16:49:39

Daniel Rodas Chapela na data 25/09/2014 16:49:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o pasado día 11 de setembro, se deu conta dun informe en relación a diversos datos sobre o sector hoteleiro, en base a unha suposta “sondaxe” propia da Administración autonómica - da que non se ofrece información nin soporte documental algún -, que as cifras oficiais dados a coñecer a través do Instituto Nacional de Estatística vén a descualificar.

Así, para os meses de xullo e agosto, o sector hoteleiro alcanzou en Galicia un grado de ocupación do 48 %, moi lonxe do dato do 70 % que ofrecía a Xunta de Galicia; e igualmente ben lonxe do 70 % do grado de ocupación media que se dá no conxunto das comunidades autónomas para o mesmo período.

Os dato de viaxeiros e pernoctas hoteleiras, que son cualificados como de “históricos” pola Xunta de Galicia, non parecen merecer tal cualificativo, por canto, para o que levamos de ano 2014 (período xaneiro – agosto), veñen a ser menores que os alcanzados por exemplo no mesmo período dos anos 2008 ou 2009 e incluso (para as pernoctas) inferiores mesmo ao 2011, quedando excluído, polo seu carácter de ano xubilar, o exercicio do 2010.

Os datos do persoal empregado é para o último mes coñecido (de agosto, tradicionalmente o máis elevado do ano) de 8.395 persoas, un aumento de unicamente 63 persoas sobre o ano pasado, un cativo incremento proporcionalmente inferior ao producido no conxunto de España; e que resulta ser aínda un 10 % inferior ao que existía antes da chegada á Presidencia de Galicia do Sr. Feijoo; unha porcentaxe que mesmo multiplica por 3,5 a rebaixada producida no mesmo período no conxunto de Comunidade Autónoma.

Si atendemos aos índices de rendibilidade para o sector hoteleiro, Galicia ten un valor de 61,3 fronte ao 89,1 da media de España, producíndose unha taxa

Grupo Parlamentario

de variación anual dun cativo 0,6 %, fronte ao 4,7 % de aumento que se dá no Estado. No que respecta aos prezos hoteleiros, Galicia reflicte unha variación

anual negativa do – 1,9 %, o que contrasta co + 2,5 % de aumento que se produce no total estatal. Todo o cal fai que on ingresos por este concepto sexan proporcionalmente inferiores aos que se dan no conxunto de España.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No que respecta ao volume de viaxeiros/as a través dos tres aeroportos galegos, para o que se leva de ano 2014 (ata agosto), é dun aumento do 4 % que resulta inferior á media que se produce no conxunto do Estado e aínda resulta ser un 5,5 % inferior ao do ano 2012, fai soamente dous anos, en plena crise económica.

O turismo é un factor esencial e clave para o noso desenvolvemento económico futuro, que debe ser mellorado e promovido dende os poderes públicos, pero manipular e tentar transmitir unhas cifras “propias” por parte do Goberno autonómico para aparecer como un xestor eficiente, cando non leva a cabo ningunha actuación significativa en tal sentido, é un proceder inadecuado e impropio. Baste recordar que as dotacións orzamentarias a esta cuestión nos últimos anos, sufriron uns recortes da orde dun 50 % en relación ás existentes nos anos 2009 (último orzamento Touriño) ou incluso 2010 (primeiro orzamento Feijoo), que significaron un volume total de rebaixa de 130 millóns de euros menos para tales programas de promoción do noso sector turístico.

Por todo anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a utilizar datos o suficientemente contrastados e validados en relación ás valoracións que realiza no que respecta ao sector turístico.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

Abel Losada Alvarez

Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

 Grupo Parlamentario

Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 25/09/2014 16:56:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/09/2014 16:56:11

Beatriz Sestayo Doce na data 25/09/2014 16:56:16

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:56:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Acuña do Campo, Vicente Docasar Docasar, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Os recortes que está a aplicar o Goberno galego non respectan nin as necesidades máis básicas, nin sequera os dereitos máis elementais das persoas.

Nin sequera o dereito a recibir a atención sanitaria nin o dereito a educación obrigatoria van saír indemnes deste “furor recortador” co que o PP está a xestionar a crise.

E tampouco ten en conta o Goberno Feijoo á hora de aplicar recortes que estes vaian afectar directamente ás persoas máis débiles, aos anciáns e aos menores.

Con eses criterios a escolarización dos nenos e nenas con necesidades especiais está seriamente ameazada, pois as familias vense, a diario, obrigadas a escoller entre escolarizar ao menor con grave risco para a súa saúde por non dispor dos coidados precisos ou atender o coidado da saúde, renunciando para elo a súa educación.

Son moitas as patoloxías dos menores que precisan de coidados especiais que o Goberno galego lle está a negar, ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, se habiliten as medidas necesarias para poder prestar os coidados que sexan necesarios, durante o horario escolar, a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica e así o precisen.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Vicente Docasar Docasar
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

 **Grupo Parlamentario**
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/09/2014 16:54:13

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 25/09/2014 16:54:20

Manuel Vázquez Fernández na data 25/09/2014 16:54:25

María Carmen Gallego Calvar na data 25/09/2014 16:54:31

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/09/2014 16:54:33

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:54:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Os e as socialistas queremos manifestar o noso compromiso firme coa loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que non é outro compromiso que o da loita por igualdade e polos dereitos humanos.

Compromiso que quedou patente co desenvolvemento do primeiro Plan integral contra a explotación e trata de persoas do ano 2008, fronte o escaso interese e actividade nestes últimos anos de gobernos populares.

Son moitas as medidas que non se están a levar a cabo polo desleixo do PP e polos recortes selectivos e ideolóxicos que esta a levar a cabo coa desculpa da crise, pero non podemos esquecer que España ten aínda un compromiso ineludible con esta loita, como se recolle na Directiva 2011/36 da Unión Europea, que debería plasmarse nunha **lei integral contra a trata de persoas con fins de explotación sexual**.

Para os e as socialistas a educación e a prevención ten que ser algo fundamental nesta loita. Para chegar a conseguir o rexeitamento social desta forma de escravitude, desta vulneración dos dereitos humanos.

As políticas públicas en materia de trata deben considerar a prevención e o factor da demanda. A trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a prostitución, son dous fenómenos que van unidos e non deben desvincularse. A trata existe porque hai unha gran demanda de prostitución, porque esta fai da trata un negocio altamente rendible para as mafias.

Grupo Parlamentario

A prostitución non se pode regularizar, como actividade económica e mercantil, baixo o prisma de liberdade do contrato entre persoas, posto que facelo supoñería un obstáculo na loita contra a trata. Se realmente queremos acabar coa explotación sexual temos que rematar coa demanda e a tolerancia social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, de forma inmediata, unha campaña de sensibilización contra a trata das persoas con fins de explotación social.
2. Actuar e legislar para prohibir a publicidade de contido sexual vexatoria para a muller e os anuncios de prostitución.
3. Poñer en marcha, en coordinación cos concellos galegos, servizos e programas de protección social e recuperación integral das persoas que foron explotadas.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/09/2014 16:53:12

Manuel Vázquez Fernández na data 25/09/2014 16:53:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 25/09/2014 16:53:25

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/09/2014 16:53:27

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:53:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás accións a realizar en favor d@s enferm@s de saúde mental.

O 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental, e seguindo o chamado da OMS co seu lema “Vivindo con esquizofrenia”, quérese facer visíbel a difícil situación na que se atopan unha boa parte dos cidadáns que padecen esquizofrenia ou outro *trastorno mental grave* -un colectivo estimado nuns 75.000 galegos-, co obxectivo de alertar aos poderes públicos responsábeis, e encetar un cambio real nas súas condicións de vida. Lamentabelmente, os datos estatísticos obrigan a unha detida reflexión: unha esperanza de vida 20 anos inferior á poboación xeral; a máis alta taxa de suicidios do estado español; sete veces máis risco de sufrir desemprego; e os máis altos índices de exclusión social.

A crise económica veu actuar dramaticamente nunha dupla fronte, por unha banda, a política de recortes nos servizos públicos, nomeadamente sociais e sanitarios, conlevou o deterioro na atención especializada e na cobertura das necesidades sociais básicas destes doentes, o que condicionou unha maior morbi-mortalidade; por outra, o aumento da desigualdade e dos niveis de pobreza, tanto en intensidade –máis pobreza-, como en extensión –máis pobres, chegando a sectores cada vez máis amplos-, fixo agromar trastornos psíquicos, como expresión dos elevados niveis de sufrimento que moitas persoas están a soportar. Factores como o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

desemprego, a redución da protección social e sanitaria públicas, o incremento da emigración, a perda da vivenda, máis a xeneralizada sensación de inseguridade ante o futuro, son factores que agravan unha situación, xa moi preocupante mesmo antes do comezo da crise. As persoas con *trastorno mental grave*, máis as que enferman nunha reacción ao empobrecemento, atópanse nun círculo de difícil saída: maior dano á saúde, e menos recursos para seren atendidos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, facéndose eco da petición do Movemento Galego da Saúde Mental, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza asume o compromiso de intensificar o seguimento das políticas da Xunta de Galiza neste eido e de desenvolver as iniciativas lexislativas e propostas que procedan para avanzar na concreción das orientacións antes expostas.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Instar aos poderes públicos, institucións públicas e privadas, axentes sociais e económicos, e á sociedade no seu conxunto, a asumir un compromiso real contra o estigma que sofren as persoas afectadas por trastornos psíquicos. Isto debe conlevar accións de discriminación positiva e un reflexo nos investimentos para facilitalo. En tanto que compre rematar coa discriminación social e laboral deste colectivo.

-Poñer equitativamente ao alcance de todo aquel que o precise, os tratamentos psicolóxicos e médicos, e as intervencións sociais, que teñan demostrada eficacia para mellorar o dano causado pola enfermidade mental, no



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento de que, con asistencia apropiada, actitudes solidarias e apoios axeitados, unha boa parte dos enfermos poderán desenvolver unha vida en condicións de saúde, normalidade e integración social.

-Que aumente o seu esforzo, sensibilidade e compromiso coa atención á saúde mental, e máis en particular co colectivo de persoas afectadas por un *trastorno mental grave*. Iso require, en cumprimento das orientacións dos organismos internacionais de referencia neste ámbito, a adopción urxente de accións de goberno guiadas polas seguintes orientacións:

- A atención á saúde mental debe ser prioritaria para as políticas sanitarias públicas, mediante o deseño, promulgación e aplicación de estratexias e plans específicos. Estes terán en conta o risco agravado para a saúde mental do contexto actual de crise socioeconómica. Elaboración periódica dun Plan Estratéxico de Saúde Mental.
- Reforzo da atención sanitaria ás persoas con *trastorno mental grave*, mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. En particular no eido máis deficitario: o da atención comunitaria e da rehabilitación psicosocial. Presentación de Plans de Necesidades e Plans Funcionais para todas as áreas sanitarias para a atención dos doentes con *trastorno mental grave*.
- Potenciar as medidas de protección social ás persoas afectadas por *trastorno mental grave* e ás súas familias. Cumprimento da *Lei de Dependencia*.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desenvolver políticas activas de emprego dirixidas especificamente a promover a incorporación e sostemento na actividade laboral normalizada das persoas con *trastorno mental grave*.
- Impedir a promulgación de calquera medida legal que actúe incrementando o estigma ou diferenciando negativamente ás persoas con *trastorno mental grave*, nomeadamente as actuais propostas de reforma do Código Penal.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 17:59:43

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/09/2014 17:59:48

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei polo trámite de urxencia** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola proximidade da celebración do Día Mundial da Saúde Mental, o día 10 de outubro.

Exposición de motivos

O día 10 de outubro, celébrase o Día Mundial da Saúde Mental baixo un lema suxerido pola OMS “Vivindo con esquizofrenia”.

Esta recomendación busca facer visíbel a difícil situación na que se atopan unha boa parte dos cidadáns que padecen esquizofrenia ou outro *trastorno mental grave* -un colectivo estimado nuns 75.000 galegos-, co obxectivo de alertar sobre a necesidade de darlle un cambio real as súas condicións de vida.

Lamentabelmente os datos estatísticos obrigan a unha detida reflexión: unha esperanza de vida 20 anos inferior á poboación xeral; a máis alta taxa de suicidios do Estado español; sete veces máis risco de sufrir desemprego; e os máis altos índices de exclusión social.

Ademais a crise económica veu actuar dramaticamente nun duplo fronte. Por unha banda, a política de recortes nos servizos públicos, nomeadamente sociais e sanitarios, levou a un deterioro na atención especializada e da cobertura das necesidades sociais básicas destes doentes, o que condicionou unha maior morbi - mortalidade. Por outra, o aumento da desigualdade e dos niveis de pobreza, tanto en intensidade –máis pobreza-, como en extensión –máis pobres, chegando a sectores cada vez máis amplos-, fixo agromar trastornos psíquicos, como expresión dos elevados niveis de sufrimento que moitas persoas están a soportar. Factores como o desemprego, a redución da protección social e sanitaria públicas, o incremento da emigración, a perda da vivenda, máis a xeneralizada sensación de inseguridade ante o futuro, son

Grupo Parlamentario

factores que agravan unha situación, xa moi preocupante mesmo antes do comezo da crise.

As persoas con *trastorno mental grave*, máis as que enferman nunha reacción ao empobrecemento, atópanse nun círculo de difícil saída: maior dano á saúde, e menos recursos para seren atendidos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Dende o Grupo Parlamentario Socialista, e unha vez formuladas as reflexións que nos fixeron chegar dende o Movemento Galego da Saúde Mental, quere facer chegar tamén ao Goberno Galego as súas propostas e por iso, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Procurar dos poderes públicos, das institucións públicas e privadas, dos axentes sociais e económicos, e da sociedade no seu conxunto, un compromiso real contra o estigma que sofren as persoas afectadas por trastornos psíquicos. Isto debe conlevar accións de discriminación positiva e un reflexo nos investimentos para facilitalo. Cómpre rematar coa discriminación social e laboral deste colectivo.

2) Poñer equitativamente ao alcance de todo aquel que o precise, os tratamentos psicolóxicos e médicos, e as intervencións sociais, que teñan demostrada eficacia para mellorar o dano causado pola enfermidade mental, no coñecemento de que, con asistencia apropiada, actitudes solidarias e apoios axeitados, unha boa parte dos enfermos poderán desenvolver unha vida en condicións de saúde, normalidade e integración social.

3) Aumentar o seu esforzo, sensibilidade e compromiso coa atención á saúde mental, e máis en particular co colectivo de persoas afectadas por un *trastorno mental grave*. Iso require, en cumprimento das orientacións dos organismos internacionais de referencia neste ámbito, a adopción urxente de accións de goberno guiadas polas seguintes orientacións:

- A atención á saúde mental debe ser prioritaria para as políticas sanitarias públicas, mediante o deseño, promulgación e aplicación de estratexias e plans específicos. Estes terán en conta o risco agravado para a saúde mental do contexto actual de crise socioeconómica. Elaboración periódica dun plan estratéxico de saúde mental
- Reforzo da atención sanitaria ás persoas con *trastorno mental grave*, mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

específicos e eficaces. En particular no eido máis deficitario: o da atención comunitaria e da rehabilitación psicosocial. Presentación de plans de necesidades e plans funcionais para todas as áreas sanitarias para a atención dos e das doentes con *trastorno mental grave*.

- Potenciar as medidas de protección social ás persoas afectadas por *trastorno mental grave* e ás súas familias. Cumprimento da *Lei de dependencia*.
- Desenvolver políticas activas de emprego dirixidas especificamente a promover a incorporación e sostemento na actividade laboral normalizada das persoas con *trastorno mental grave*.
- Impedir a promulgación de calquera medida legal que actúe incrementando o estigma ou diferenciando negativamente ás persoas con *trastorno mental grave*, nomeadamente as actuais propostas de reforma do Código Penal.

B) O Parlamento de Galicia acorda no ámbito das súas competencias e obrigas asumir ante as persoas afectadas por *trastorno mental grave* e as súas familias, e ante a sociedade en xeral, o compromiso de intensificar o seguimento das políticas da Xunta de Galicia neste eido e de desenvolver as iniciativas lexislativas e propostas que procedan para avanzar na concreción das orientacións antes expostas.

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 24/09/2014 09:57:21

Manuel Vázquez Fernández na data 24/09/2014 09:57:28



 [Grupo Parlamentario](#)

María Carmen Gallego Calvar na data 24/09/2014 09:57:35

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/09/2014 09:57:37

José Luís Méndez Romeu na data 24/09/2014 09:57:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Vicente Docasar Docasar, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio - Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña). O PP criticaba en 2009 que, desgraciadamente, Galicia estaba perdendo as oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Hoxe, no 2014, efectivamente existe ese problema: de feito, en abril do ano 2011 e no pasado mes de outubro, o Tribunal de Xustiza da UE sancionou a España polos seus incumprimentos en Galicia.

A maior abundancia, no documento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo e relativo á visita da delegación de parlamentarios da UE no pasado mes de febreiro, conclúese, entre outras cousas, que existen zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas, pero están en grave perigo se non se toman medidas.

En Monforte de Lemos (Lugo), a depuradora de augas residuais sita na parroquia de Piñeira non funciona, ten grandes eivas, é insuficiente e as súas instalacións non teñen mantemento axeitado. O resultado é que as augas depuradas que se verten no río Cabe son contaminantes.

Esta situación é coñecida polo Goberno do PP dende hai máis de 3 anos. O propio Parlamento debatera o asunto na pasada lexislatura e, naquel debate, o Grupo Parlamentario Popular votara a favor de construír unha nova EDAR para Monforte, cunha partida orzamentaria de 7 millóns de euros da Xunta de Galicia. O propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dicía en Monforte, no ano 2012, que redactarían o proxecto construtivo e farían as obras en varias anualidades.

Grupo Parlamentario

Non obstante, para o presente ano 2014, o orzamento da Xunta de Galicia non recolle nin unha soa partida para esta inversión. Fomos os socialistas os que pedimos que fose aprobada unha emenda ao orzamento, que o PP rexeitou.

A maior abundancia, nesta mesma comisión foi debatida unha proposición non de lei sobre a futura EDAR, que o PP rexeitou tamén.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por último, con data 27 de marzo, o Goberno contestaba que tiña coñecemento de certas eivas na EDAR, que Augas de Galicia fixera un estudo entre os anos 2013 e 2014 que puxera en coñecemento do propio concello, que nel xa estaban identificadas as necesidades, que será o concello o que teña que traballar na rede de saneamento e que Augas de Galicia poderá prestar apoio técnico e financeiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que cumpra os seus compromisos para dotar dunha nova EDAR ao concello de Monforte de Lemos antes de que remate o ano 2016, dando resposta ás necesidades da zona urbana e do Polígono Industrial do Reboredo, nos seguintes prazos:

- 1º- Coa redacción do proxecto construtivo antes de que remate o ano 2014.
- 2º- Coa licitación, adxudicación e comezo das obras no primeiro semestre de 2015.
- 3º- Cunha partida orzamentaria singularizada para a EDAR nos orzamentos da Xunta de Galicia para os vindeiros anos 2015 e 2016.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Vicente Docasar Docasar
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/09/2014 18:31:13

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 18/09/2014 18:31:20

Manuel Vázquez Fernández na data 18/09/2014 18:31:25

Raúl Fernández Fernández na data 18/09/2014 18:31:30

José Antonio Sánchez Bugallo na data 18/09/2014 18:31:36

José Luís Méndez Romeu na data 18/09/2014 18:31:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

As nais e pais e o profesorado do CPI Suárez Marquier no Rosal iniciou o 10 de setembro de 2014 un peche indefinido en demanda do cumprimento da Orde do 12 de agosto do 2010 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes en educación infantil, primaria e educación especial. Esta Orde prescribe que os centros de Educación Primaria contarán cun segundo profesor de educación física cando teñan 10 ou máis unidades. Ese é o caso do CPI Suárez Marquier, e polo tanto correspóndelle este segundo profesor de Educación Física. No mes de agosto publicouse unha modificación dos catálogos de profesorado dos centros sen que se realizase ningunha modificación neste centro do Rosal, polo que a Consellaría de Educación entendeu que o Centro precisa ese profesorado que se lle asigna por Orde publicada no DOG. Por outra banda ese é o profesorado que teñen outros centros co mesmo número de unidades.

O profesor ou profesora que agarda o CPI Suárez Marquier no Rosal tería encomendadas as tarefas de titor ou titora dun curso de primaria. Asemade, o Centro ten sete aulas con 24 alumnos/as (a rateo máxima, fixada en 25 alumnos por aula) contándose entre eles nenos e nenas con necesidades educativas específicas que fan necesaria a presenza dun profesor de apoio na aula. Profesor/a que, se a Administración non cumpre a lei, non poderá realizar eses apoios coa consecuente incidencia na



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

calidade do ensino recibido polo alumnado. A maiores sería difícil realizar outras funcións como as substitucións do profesorado que puider faltar por diferentes motivos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellaría de Educación ao cumprimento da Orde de catálogos para todos os centros educativos.”

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 18/09/2014 18:39:09

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 18/09/2014 18:39:15

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** e a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

O Ministerio de Fomento decidiu pechar a autovía A-8 ao tráfico cando a néboa dificulte a circulación. A autovía A-8 padece constantes cortes de tráfico durante varias horas entre os quilómetros 536 y 552, en ambos sentidos, nos municipios de Mondoñedo e Abadín, a causa da néboa.

Os actuais sistemas antinéboa da autovía A-8, ao seu paso por Lugo no son suficientes. Hoxe teñen e deben existir medios técnicos suficientes para que esa autovía, a unha velocidade determinada e en función do tipo de néboa que haxa poda estar aberta as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Os dous problemas que ten a autovía do Cantábrico ao seu paso por Mondoñedo son a néboa e o vento.

O Ministerio de Fomento anunciaba medidas especiais adicionais ás xa existentes en coordinación coa Dirección Xeral de Tráfico e a Garda Civil de Tráfico.

En concreto o Ministerio comprometíase á instalación de **balizas de néboa, carteis e sinais de reforzo da sinalización de alta reflectancia e limitación da velocidade a 80 quilómetros por hora** en situación de néboa, con prohibición de adiantamento de vehículos pesados. Poñeranse **paneis de mensaxe variable nos enlaces de A Xesta e Mondoñedo**.

A néboa na autovía A-8 é un fenómeno atmosférico habitual na zona hai 150 anos, cando se propuxo un viaduto de 450 metros de lonxitude en Cruz da Cancela (Mondoñedo) para o ferrocarril entre Lugo e Ribadeo. E sen embargo constrúese a autovía A-8 sen reunir todas as condicións de seguridade posibles.

O trazado da A-8 pasa de 150 m de altitude en Mondoñedo ata case 700 m no alto de O Fiouco. As dificultades da ladeira no monte Padornelo, demoraron a execución da obra 10 anos e elevaron considerablemente o seu custe.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.- Exixir do Ministerio de Fomento que execute con carácter de urxencia as novas medidas na A-8 destinadas a mellorar a seguridade viaria cando existan condicións de néboa densa e/ou vento?
- 2.- Instar ao Goberno do estado para que proceda á mellora e acondicionamento da N-634.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 19/09/2014 10:07:06

María Consuelo Martínez García na data 19/09/2014 10:07:11



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao denominado “Código Ético y de Conducta de Abanca”.

O 18 de setembro de 2014 a entidade Abanca aprobou unilateralmente un denominado “Código Ético y de Conducta”. No seu artigo 2 establécese que as persoas afectadas por este Código serán as integrantes dos órganos de goberno, equipo directivo e resto de empregados e empregadas do Banco e aquelas persoas ou entidades implicadas na prestación de servizos por terceiros ás que, a xuízo de “Capital Humano”, resulte relevante esixir a súa adhesión.

Esta norma, malia o seu atractivo rótulo de fomentar valores como a *responsabilidade, confiabilidade, calidade e innovación* contén artigos que tratan de restrinxir abertamente os dereitos políticos, sociais e sindicais dos traballadores e traballadoras.

Así, o artigo 120 di textualmente:

“La participación directa en política, instituciones públicas u organizaciones sociales o sindicales ajenas al banco, aun siendo legítimas, pueden ser incompatibles con el ejercicio activo en el banco. Deberá ser comunicada previamente al Comité de Ética del Banco”.

Ademais, o Comité de Ética que deberá decidir se “a participación directa en política, institucións públicas ou organizacións sociais ou sindicais alleas ao banco pode



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ser incompatible co exercicio activo no banco” está presidido polo Conselleiro Delegado, o secretario é o Director Xeral de “Capital Humano” e os vogais son o Auditor Xeral e os Directores Xerais de Control Corporativo e Riscos, Goberno Corporativo e Asuntos Legais e Responsabilidade Social Corporativa (Sr. Miguel Ángel Escotet, irmán do Sr. Juan Carlos Escotet, Vicepresidente de Abanca e Presidente do Grupo Banesco Internacional). É dicir, a alta dirección do banco resérvase para si tomar decisións que poden conculcar o exercicio por parte dos/as empregados/as de dereitos fundamentais amparados constitucionalmente.

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en comisión relativa ao denominado “Código Ético y de Conducta de Abanca”:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a emprender as accións oportunas para protexer os dereitos políticos, sociais e sindicais dos traballadores e traballadoras de Abanca”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2014 11:36:50

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/09/2014 11:36:56



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos retrasos acumulados polo Fogasa na tramitación de expedientes de indemnizacións por despedimentos de empresas en creba e nos pagos @s traballadores e traballadoras.

As diferentes reformas laborais representaron graves repercusións para a clase traballadora polo que supuxeron de recorte de dereitos, foron feitas para satisfacer unicamente as demandas do capital: desregulación, abaratamento e facilidade para o despedimento.

Lonxe do mantido polo discurso oficial do poder, non se buscou a estabilidade nin a creación de emprego e moito menos de emprego de calidade. Detrás agóchase unha clara cesión ás presións da UE, do capital financeiro internacional e da Troika. Todos moi interesados nunha política de recortes no mercado laboral para favorecer o aumento das marxes de beneficio da patronal, e garantir por esa vía que a banca privada pague a débeda que ten contraída e siga a enriquecerse.

Neste contexto, o Fondo de Garantía Salarial, que ten entre as súas funcións garantir que os traballadores/as de empresas en quebra cobren unha parte dos salarios e indemnizacións, acumula en Galiza uns altísimos prazos de demora.

Antes da reforma nos despedimentos improcedentes o Fogasa subvencionaba o 40% do custe nas empresas de menos de 25 persoas asalariadas, que son a inmensa maioría en Galiza, e agora tras a reforma aínda que formalmente deban pagalo todo as



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

empresas, ante a incapacidade económica da maioría delas para facer fronte aos pagos das indemnizacións, @s traballadores e traballadoras vense obrigad@s a solicitar do Fogasa os pagos.

No ano 2008 as resolución dos expedientes tiñan unha demora media de entre 8 e 10 meses, na actualidade a resolución dos expedientes chegan a ter retrasos de entre 15 e 18 meses. Si a estes retrasos se lles suma a tramitación xudicial previa de quebras, despidos ou reclamacións de cantidades, algúns traballadores e traballadoras poden verse na situación de agardar tres anos desde que son despedidos até que chegan a cobrar todo o que se lle adebeda.

Nunha situación onde o volume de traballo multiplicouse debido aos múltiples ERES e peches de empresas, o persoal que presta o seu servizo no mesmo non foi ampliado e a isto hai que engadir que o Fogasa está procedendo a abrir dous expedientes diferentes para realizar os pagos, un para o 40% da indemnización e outro para o 60% restante.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, lonxe a atender ás peticións de ampliación do persoal do Fogasa, o que fixo foi seguir a súa folla de ruta de privatizacións, procedendo á externalización de parte da tramitación administrativa á empresa Tragstec, a pesar do cal as demoras persisten e aumentan.

Hai fundadas sospeitas de que esta situación, que está a provocar situacións de desatención e abandono da clase traballadora, non se dá por casualidade senón que responde a unha estratexia do Goberno do Partido Popular de diferir os pagos para anos vindeiros e deste xeito cumprir cos “sacrosantos” obxectivos de déficit. Mais unha vez os dramas das persoas, as súas penalidades son danos colaterais para o PP.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español esixindo o aumento en Galiza das plantillas do Fogasa con persoal propio, e a proceder a suprimir a externalización do servizo realizada en setembro do 2013 e a realizar todas as accións precisas para axilizar os expedientes, que en Galiza afectan a máis de 20.000 traballadores e traballadoras, para que est@s perciban as indemnizacións que lle corresponden de xeito inmediato.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2014 14:18:44

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/09/2014 14:18:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa o control das visitas no Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galiza.

Os incumprimentos reiterados e contumaces da propiedade do Pazo de Meirás, declarado BIC pola Xunta de Galiza e polo tanto coas obrigas de apertura ao público que establece a Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza, foron obxecto de deferentes iniciativas por parte do Grupo Parlamentar do BNG.

Por citar unha, a pregunta para resposta escrita nº 7525, a iniciativa de Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre o “incumprimento do réxime establecido para as visitas ao pazo de Meirás, publicada no BOPG nº 102, do 15 de maio de 2013.

Os incumprimentos veñen de vello, son reiterados, e nos últimos días os medios de comunicación facíanse eco de que se impediu o acceso a unha persoa con discapacidade física, ao parecer porque as rodas da cadeira, que lle permiten desprazarse, poderían raiar a madeira do chan dos locais a visitar.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este é un feito humillante non só para a persoa afectada, senón tamén para o conxunto da sociedade que contempla atónita como os herdeiros do Ditador seguen a facer o que lles da a gana, co silencio cómplice e mesmo co consentimento por omisión do propio goberno da Xunta, facendo bo o dito de “quen cala outorga”.

Este feito grave é outro desafío intolerable ao poder político galego que debería ser sancionado como se merece.

O Grupo Parlamentar do BNG non ten coñecemento de que o Goberno da Xunta teña tomado ningunha medida en relación con estas situacións de todo punto lamentables e incluso contrarias neste último caso aos máis elementais dereitos das persoas, como é a non discriminación pola condición física.

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Adoptar algunha das medidas sancionadoras previstas na Lei 8/1985 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galiza para o caso de graves incumprimentos no réxime de visitas, vistos os reiterados incumprimentos que se veñen producindo ano tras ano no Pazo de Meirás.

2.- Adoptar cantas medidas sexan necesarias para impedir a vulneración de dereitos fundamentais das persoas como é impedir o acceso dun discapacitado físico á visita do BIC Pazo de Meirás.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Abrir o correspondente expediente para sancionar polas condutas descritas aos propietarios do BIC Pazo de Meirás.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/09/2014 13:39:21

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/09/2014 13:39:29



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

O sector enerxético ten para Galiza un considerábel valor estratéxico, pois representa arredor dun 8% do PIB galego, ademais de ser un factor importante na produción industrial, tratándose dun sector con fortes potencialidades de crecemento de existir un marco acaído para o seu desenvolvemento.

Malia esa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada un aproveitamento propio dos seus recursos enerxéticos. Durante décadas desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, en base ao seu potencial hidroeléctrico e aos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico. Porén este potencial, Galiza non recibiu réditos do aproveitamento dos seus recursos, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, onde obteñen unha parte importante da súa produción enerxética. Neste escenario incluso está a sufrir unha deficiente calidade do subministro eléctrico.

O proceso liberalizador no sector eléctrico, iniciado en 1997, implicou unha maior centralización das decisións, limitando as posibilidades dunha participación real



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das institucións galegas na planificación e dirección deste importante sector para a nosa economía. A nova regulación do sector eléctrico, aprobada pola Lei 24/2013, de 26 de decembro, afondou aínda máis nunha liña centralizadora que despoxa de calquera competencia de Galiza para influír na política enerxética, ficando a mercé das decisións adoptadas polo Goberno central. No seu desenvolvemento, o Real Decreto 413/2014 supón a concreción dos principios da citada lei sobre os que se articulará o réxime retributivo aplicábel á instalacións de produción de enerxía existentes a partires de fontes de enerxía renovábeis, coxeración e residuos.

Tanto a nova lei como o RD 413/2014 van alén da anterior normativa, e supoñen unha exclusión en toda regra das competencias galegas, continuando nunha liña xa avanzada polas reformas parciais do sector eléctrico executadas ao longo dos últimos anos polo Goberno central do PP. Se no marco anterior Galiza apenas decidía sobre o seu sector eléctrico, con estas reformas elimínanse algunhas das funcións que exercía, ficando totalmente anulada a súa marxe de manobra. En concreto, elimínase de facto o réxime especial, no que tiñan algunha capacidade de actuación as CCAA, caso de Galiza. Ademais, penalízase a capacidade de crear tributos propios no eido ambiental, co pretexto da influencia na formación dos prezos eléctricos, co que indirectamente tamén se afecta a autonomía financeira de Galiza.

Porén, o máis preocupante é que se pecha calquera posibilidade a que Galiza poida ter unha política enerxética propia que saque o maior proveito aos seus recursos, en función das súas necesidades, e onde poida revertirse esa situación de vantaxe como produtora de enerxía eléctrica nun impulso positivo para a economía galega, mesmo, poder obter compensacións polas externalidades negativas que sufriu e padece o noso país ao longo de décadas onde se esgotaron recursos sen que houbera un retorno directo por dito sacrificio.

O desenvolvemento lexislativo contemplado neste Real Decreto 413/2014 afecta dun xeito singular directa e negativamente ás competencias de Galiza co negativo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enfoque cara o aproveitamento de enerxías renovábeis, que son un recurso importante en Galiza. A eliminación na práctica do réxime especial implica un freo radical ao desenvolvemento e expansión das enerxías renovábeis, pondo mesmo en cuestión a efectiva aplicación de decisións adoptadas en Galiza, como o caso do concurso eólico.

A propia patronal do sector advirte, como xa fixera nas reformas parciais precedentes que aventuraban cara onde se dirixía a liña de exterminación do fomento das enerxías renovábeis do Goberno central, que o modelo de desenvolvemento das enerxías renovábeis en Galiza estaría abocado ao peche de executarse plenamente a reforma do sector eléctrico. Así, a Asociación Eólica de Galiza (EGA) sinala que a reforma resultará especialmente grave en Galiza xa que é moi lesiva para as instalacións promovidas con anterioridade ao 2005, como é o caso das galegas.

As diferentes reformas, cuxo último chanzo é o RD 413/2014 supoñen unha clara agresión ao noso país, ao regular e someter dito sector en función dos intereses alleos capitaneados polas grandes compañías enerxéticas, e dese xeito coutando as posibilidades de desenvolvemento óptimo dun sector en base ao aproveitamento sustentábel dos recursos propios.

Aínda que a Constitución de 1978 outorga a competencia ao Estado tanto para fixar as bases do sector mineiro e enerxético (artigo 149.1.25), como para elaborar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica (artigo 149.1.13), temos que aternos precisamente á literalidade de ditos títulos competenciais que están a facer referencia a aspectos básicos, non a promulgar unha lexislación expansiva, con vontade de abranguer case todo un ámbito material, e mesmo con limitacións absolutas que impiden solucións legais distintas e acaídas á realidade de cada territorio.

Noutra banda, o EAG atribúe competencias exclusivas en determinadas materias relacionadas co sector eléctrico (artigo 27.13), ou de xeito compartido con carácter xeral no que atinxe ao réxime mineiro e enerxético (artigo 28.3). Polo tanto, aínda existindo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esa potestade de ditar bases no eido material da enerxía, hai que respectar tamén a concorrencia compartida de Galiza, que o Real Decreto 413/2014 vulnera, ao impedir que poidamos deseñar un modelo enerxético propio aínda dentro dun marco básico estatal, concretamente no relativo ao réxime retributivo aplicábel a fontes de enerxía renovábeis, de coxeración e residuos.

Polo dito, e tamén considerando que a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional dispón a lexitimación das comunidades autónomas para interpiren conflitos de competencias que afecten ao seu ámbito de autonomía, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda instar ao Goberno galego a:

“Demandar do Goberno central a competencia exclusiva para deseñar e aplicar o desenvolvemento das enerxías a partir de fontes renovábeis en Galiza en exclusiva, reclamando a capacidade normativa e executiva no que atinxe á planificación e autorización de instalacións de produción enerxética renovábel, así como do establecemento do seu réxime de retribución.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 23/09/2014 17:32:46

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/09/2014 17:32:52



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás actuacións da Xunta de Galiza en relación á situación do sector vitivinícola.

En diversas ocasións desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego temos suscitado o debate en torno á necesidade de impulsar medidas para vertebrar as relacións no ámbito do sector vitivinícola. Entre outras cuestións temos promovido a necesidade de que exista un mecanismo de interlocución entre os diversos axentes que interveñen no sector para acadar acordos nese ámbito.

Consideramos que é imprescindible realizar actuacións públicas decididas para garantir instrumentos que regulen as relacións de compravenda de uva para que esta non estea sometida unicamente ás continxencias de mercado, e para evitar a imposición unilateral das condicións. A existencia de contratos homologados nas diferentes denominacións de orixe vitivinícolas nos que se establezan os prezos en función das variedades, graduación, etc, e demais cuestións que pacten as partes, é unha medida básica para garantir a supervivencia do sector.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera absolutamente necesario implicarse na consecución de acordos deste tipo, toda vez que, xa que como se constatou cos acadados na Mesa do Viño no ano 2006, nas distintas denominacións de orixe, produciuse un salto cualitativo nas relacións dentro do sector dotando de máis estabilidade ao sector. Porén nos últimos anos foron diferentes os pasos atrás que se produciron nas diferentes denominacións de orixe, ten motivado, xunto con outros factores, que actualmente se produza unha situación delicada no sector do viño. Que segue a ser un sector estratéxico en diferentes comarcas de Galiza.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate ante a comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a impulsar as seguintes medidas en relación coa situación do sector vitivinícola:

1.- Convocar Mesa do Viño coa participación de todos os axentes que interveñen no sector e coa mediación da administración, coa finalidade de analizar a situación do sector e de acadar acordos que garantan relacións contractuais igualitarias entre produtores e industria, nos que se establezan garantías de recollida e de prezos mínimos pola uva.

2.- Establecer medidas de financiamento público para adiantar liquidez ás industrias que subscriban contratos homologados cos produtores para que poidan cobrar a produción antes da finalización do ano natural sen que estes adiantos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan garantidos a conta do produtor.

3. Que todas as axudas públicas ás que concorran as industrias teñan en conta á hora da súa resolución que estas subscriban contratos cos seus provedores de materia prima.”

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 23/09/2014 17:58:19

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/09/2014 17:58:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Ricardo Vicente Docasar Docasar, María Concepción Burgo López, Carmen Gallego Calvar e Francisco Caamaño Domínguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veu colaborando durante o últimos anos cos concellos galegos na prestación de diferentes servizos educativos, entre eles os programas destinados a diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen obter a titulación de educación secundaria obrigatoria e, de igual xeito, aqueles orientados á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación.

A última vez que se contemplaron axudas con tal finalidade foi a través da Orde do 26 de abril de 2013 pola que se establecían as bases e se convocaban, en réxime de concorrência competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013 (DOG, 8 de maio de 2013).

A orde referida contaba cun orzamento cuxo importe ascendía á cantidade de 1.799.933,20 euros, sinalándose de forma expresa, ademais, que tal dotación podería aínda incrementarse “na medida en que existise crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio económico do ano 2013, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia”.

A partir de tal data, conforme se apuntou, non se realizou ningunha outra convocatoria relativa a este tipo de colaboración entre a administración autonómica e as corporacións locais. Constitúe este un feito altamente sorprendente á vista da longa traxectoria, segundo con anterioridade se indicou, desde tipo de programas, de extensa receptividade social á vista da súa elevada demanda por parte da poboación e moi frutífera tendo en conta os bos resultados

Grupo Parlamentario

que ten deparado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É de destacar que, pese á súbita interrupción de tales axudas, bastantes corporacións locais optaron por continuar desenvolvendo no presente ano 2014 tales programas educativos, asumindo na súa totalidade os custos correspondentes, debido especialmente ao número cada vez maior de participantes como consecuencia da actual situación de crise económica e da necesidade de levar a cabo programas de segunda oportunidade no eido formativo.

Resulta certamente indignante a falta de sensibilidade dos responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ante unha cuestión desta natureza.

Ao Grupo Parlamentario Socialista teñen chegado nas últimas semanas queixas reiteradas de diferentes concellos de Galicia, lamentando esta actuación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que repoña as axudas que os concellos viñan recibindo dende hai anos para diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen obter a titulación de educación secundaria e, de igual xeito, aqueles orientados á reincorporación da mocidade que abandonou a súa formación sen cualificación nin titulación.

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 23/09/2014 19:03:09

María Concepción Burgo López na data 23/09/2014 19:03:22



 [Grupo Parlamentario](#)

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:03:34

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 23/09/2014 19:03:39

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:03:49

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Carmen Gallego Calvar, Manuel Vázquez Fernández, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O comercio ilegal de animais domésticos, aquel que implica a criadores que non están debidamente rexistrados e que non deveñen achegas ás diferentes instancias fiscais polas súas transaccións, está a fomentar lacras tales como o abandono animal, co conseguinte custo para as administracións e, en definitiva, para os cidadáns.

A compravenda de animais domésticos sen cumprir coas escasas obrigas que na actualidade marca a normativa é unha actuación sinxela, que se beneficia do anonimato das novas tecnoloxías.

Resulta preciso desenvolver un contido mínimo para que aquelas persoas que crían e venden animais dun xeito regulamentado poidan garantir o benestar animal e, á vez, os dereitos das persoas consumidoras, poñendo sobre a mesa cuestións fundamentais que xa se teñen en conta noutras comunidades autónomas.

Na propia UE téñense producido avances, polo que é imprescindible unha harmonización e unha regulación axeitadas, partindo da compravenda dalgúns animais -como cans e gatos- recoñecidos xa como seres sensibles.

Todo o anterior fai necesario regulamentar esta actividade lucrativa, os requisitos para a crianza e os coidados dos animais domésticos, a súa comercialización e os dereitos das persoas que os adquiren.

En definitiva, é necesaria unha nova regulación coa fin de que a adquisición de animais domésticos se faga de forma responsable, non dun xeito impulsivo ou irreflexivo consecuencia da propia promoción do consumo, e coa fin de establecer as medidas axeitadas para previr condutas nocivas e negativas, como o maltrato e abandono de animais.

Grupo Parlamentario

En virtude do exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á modificar o Decreto 153/1998, do 2 de abril, de desenvolvemento do regulamento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no seguinte senso:

1. Prohibir o comercio con animais fóra de certames ou outras concentracións de animais vivos e establecementos de venda e de cría autorizados, salvo as transaccións entre as persoas particulares cando se limiten aos seus animais de compañía, non teñan afán de lucro e se garanta o benestar do animal.
2. Esixir aos establecementos aos que se refire o artigo 33 do regulamento que reúnan (nun prazo de seis meses, contados dende a entrada en vigor desta modificación) e para ser autorizados e rexistrados, o seguinte requisito zoosanitario: manter aos animais nun lugar axeitado dentro do establecemento, sen exhibilos en escaparate, abrevados e alimentados correctamente e coa súa identificación cando sexa obrigatoria.

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Manuel Vázquez Fernández
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/09/2014 19:30:16

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:30:24

Manuel Vázquez Fernández na data 23/09/2014 19:30:26

Raúl Fernández Fernández na data 23/09/2014 19:30:32



 Grupo Parlamentario

José Antonio Sánchez Bugallo na data 23/09/2014 19:30:37

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:30:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No seu día, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, denunciaba o tremendo recorte que Feijoo estaba a aplicar ao orzamento destinado a vacinación. Recorte que o Goberno PP xustificou coa compra centralizada das vacinas.

Nos orzamentos do 2013 a partida destinada ao programa galego de vacinacións baixou 3 millóns de euros en relación ao destinado o ano anterior. Dos 15 millóns do ano 2012 a tan só 12 millóns para o ano 2013. E nos orzamentos do 2014 volveron recortar un millón máis.

Pero o tempo foi demostrando o que realmente había tras esa redución nos orzamentos, un acordo adoptado no Consello Interterritorial pola maioría do PP para consensuar un calendario de vacinas de mínimos, tildado de **calendario de mínimos básico e retrogrado** pola Asociación de Pediatría Española que condenou que se prescindira de vacinas que ata agora se estaban aplicando.

Como é o caso da vacina da varicela que se estaba aplicando na primeira infancia por recomendación dos e das pediatras e que agora non, pois non se atopa nas farmacias bloqueada polo Ministerio de Sanidade.

Pero, ademais, esa centralización recortada provocou en Galicia a supresión da inclusión prevista da vacina do meningococo tipo B que quedou relegada ao uso hospitalario.

Esas decisións xa están tendo consecuencias. No caso da varicela cun incremento do 80 % nesa enfermidade.

Grupo Parlamentario

Ademais, nas idades máis preocupantes nos menores de 4 anos e nas persoas adultas que é cando as complicacións da varicela poden ser máis graves.

En canto a restrición ao uso hospitalario da vacina da meningococemia tipo B, dicir que conta coa oposición dos profesionais galegos máis prestixiosos e expertos en vacinación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Repoñer, de inmediato, a vacina da varicela nas farmacias galegas para que se poida dispensar naqueles casos que recomenden os especialistas.**
- 2. Que se inclúa, de forma inmediata, no calendario de vacinación galego, a vacina para a meninxites tipo B.**
- 3. Que propoña no Consello Interterritorial a vacinación de varicela na primeira infancia, tal e como recomenda a Sociedade Española de Pediatría e que se valore a inclusión da vacinación da meninxites tipo B para todo o Estado.**

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña do Campo na data 23/09/2014 19:54:54

Manuel Vázquez Fernández na data 23/09/2014 19:55:00

María Carmen Gallego Calvar na data 23/09/2014 19:55:05

María Remedios Quintas Álvarez na data 23/09/2014 19:55:07

José Luís Méndez Romeu na data 23/09/2014 19:55:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, en relación coas actuacións do Goberno Galego para velar polo cumprimento da legalidade nos consorcios provinciais de loita contra incendios e salvamento nos que participa.

Unha vez máis o dispositivo de emerxencias de Galiza acaba de ser cuestionado na legalidade da súa actuación. Nesta ocasión trátase do Consorcio Provincial de Lugo de Servizo contra Incendios e Salvamento en relación co proceso de selección de persoal que tivo lugar no ano 2012 para o parque comarcal de Monforte de Lemos.

Logo da investigación realizada arredor deste proceso polo Valedor do Pobo, na que constata a opacidade coa que se levou a cabo o procedemento que vulnerou dereitos dos e das aspirantes. Concretamente refírese á omisión na publicación das puntuacións, o cal impediu o exercicio do dereito dos e das aspirantes á reclamación de posíbeis erros ou deficiencias no cómputo das súas cualificacións.

Neste sentido emitiulle unha recomendación ao Consorcio, que temos que lembrar esta integrado entre outras administracións pola Xunta de Galiza, na que se requiría da publicidade das puntuacións acadadas por cada participante en dito proceso selectivo, coa apertura do trámite de alegacións aos e ás interesadas, e a retroacción do procedemento no caso de apreciárense incorreccións nas cualificacións finais obtidas. Curiosamente o Consorcio rexeitou o cumprimento de dita recomendación do Alto Comisionado do Parlamento.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos pois ante varias administracións públicas que vulneran os principios constitucionais no acceso a un emprego nun servizo público, aínda que cunha xestión privatizada, que se sostén con fondos públicos e nos que deberan respectarse os principios de igualdade, mérito e capacidade así como un procedemento baseado na transparencia e publicidade.

Tamén estamos ante varias administracións públicas que desoen unha recomendación do Valedor do Pobo.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que esta Cámara non pode ser indiferente e é preciso que se reclamen explicacións deste proceder e sobre todo que se impulsen medidas para reparar tan desatinadas e arbitrarias actuacións.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a:

1.- Defender no Consorcio provincial de loita contra incendios e salvamento de Lugo a aceptación da recomendación do Valedor do Pobo en relación co proceso de selección de persoal para o parque comarcal de Monforte do no 2012.

2.- Darlle cumprimento á mesma publicando as puntuacións obtidas ao obxecto de permitir as alegacións oportunas e retrotraendo o procedemento nas circunstancias que figuran na recomendación.

3.- Regular nos distintos Consorcios provincias de loita contra incendios e salvamento dos que forma parte a Xunta de Galiza unha normativa de selección de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal na que se garanta o respecto aos principios constitucionais no acceso a un emprego nun servizo público, aínda que cunha xestión privatizada, que se sostén con fondos públicos e nos que deberan respectarse os principios de igualdade, mérito e capacidade así como un procedemento baseado na transparencia e publicidade.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2014

Asdo.: **María Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 24/09/2014 12:37:38

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/09/2014 12:37:44

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez e José Manuel Gallego Lomba** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O Goberno galego publicou a primeiros do presente mes unha instrución, a 7/2014, na que se abre o prazo para que as persoas usuarias actualmente adscritas ao centro privado de Povisa poidan solicitar o cambio a hospitais públicos.

Este proceso, que afecta de maneira relevante á poboación da Comarca de O Morrazo, en concreto dos concellos de Cangas e Moaña, adscrita a Povisa, está cheo de falsidades, medias verdades, opacidade e traslada demasiadas incertezas á poboación susceptible de ser beneficiaria do cambio a un hospital público.

A primeira das falsidades é que na actualidade, e sobre todo despois das decisións políticas adoptadas polo goberno Feijoo na construción do novo hospital de Vigo (máis pequeno, máis caro e privatizado), a poboación que atende Povisa en virtude do concerto que ten co Sergas non é materialmente posible trasladala toda a un ou varios centros públicos, senón non sería necesario ter ese concerto recentemente renovado entre o Sergas e Povisa.

A realidade é que nin agora nin no futuro, cando ese novo hospital estea funcionando a pleno rendemento, se pode obviar o concerto co hospital privado, precisamente esa foi unha decisión adoptada para claramente favorecer a iniciativa privada.

A opacidade e medias verdades derivan de que este é un proceso falto dunha información pormenorizada do que significa o cambio, de que prestacións hai no hospital privado e a cales se podería acceder e en que

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

condicións nos hospitais públicos, de que vai pasar coas persoas que están nas listas de espera máis altas de Galicia, porque hai unha clara intencionalidade de que este sexa un proceso destinado ao fracaso, a que haxa poucas persoas que se cambien de centro hospitalario, para xustificar a mesma existencia do concerto con Povisa e a deriva da consellería e do Goberno Feijoo cara a privatización da sanidade.

As incertezas, ocasionadas por esa opacidade, provocan unha grande preocupación entre as persoas usuarias á hora de tomar unha decisión porque estamos falando da súa saúde, e teñen medo a perder quendas, lugares nas listas de espera, etc.

Por este motivo, e dado a importancia que ten para a poboación da comarca poder optar a un centro hospitalario público para acceder á sanidade nas mesmas condicións que os demais galegos e galegas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o proceso de adscrición das persoas usuarias de Povisa aos centros públicos ata que estén garantidas cando menos as seguintes cuestións:
 - a) Información individualizada e pormenorizada a cada unha das persoas usuarias das novas condicións de asistencia sanitaria, carteira de servizos e alternativas no sistema público aos servizos non cubertos polo concerto con Povisa.
 - b) Acceso por parte das persoas usuarias, organizacións que as representan, concellos implicados, organizacións políticas, sindicais, etc. do texto íntegro do novo concerto do Sergas con Povisa.
 - c) Habilitar servizos de información específicos, a través de xanelas exclusivas ao efecto, nos centros de saúde de Cangas e Moaña, para as persoas usuarias que poidan estar interesados no trámite do cambio aos hospitais públicos.

 Grupo Parlamentario

2. Unha vez cumprido o anterior, ampliar o prazo de solicitude de cambio aos hospitais públicos coa suficiente información e publicidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 24/09/2014 18:13:48

María Carmen Acuña do Campo na data 24/09/2014 18:13:54

Manuel Vázquez Fernández na data 24/09/2014 18:13:59

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/09/2014 18:14:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2014 18:14:11

José Manuel Gallego Lomba na data 24/09/2014 18:14:15

José Luís Méndez Romeu na data 24/09/2014 18:14:19

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso** e **Ramón Vazquez Díaz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de Motivos:

O Regulamento da UE 1169/2011 que determina a información agroalimentaria dos produtos do mercado europeo, debe garantir a información suficiente e clara aos consumidores co obxectivo de que poidan coñecer de xeito sinxelo e rigoroso os produtos que se poñen a súa disposición.

Na actualidade corremos o risco dun novo retroceso neste tipo de información, como xa ten acontecido, se a día de hoxe existe unha enorme bolsa de fraude na comercialización de produto, que se vende como galego, sen selo en realidade a plasmación dun retroceso nos requisitos de etiquetaxe, no senso de flexibilizar a información os consumidores, podería extender e legalizar o que hoxe xa é un problema para os nosos produtos.

Son moitas as firmas que utilizan o selo de Calidade de Galicia para introducir no mercado produtos que ou non proceden do noso país na súa totalidade ou en parte.

Por iso dende a administración debemos adoptar medidas contundentes na defensa do nosos produtos, garantindo a correcta comercialización dos mesmos e evitando o fraude.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno Galego a defender as achegas feitas os distintos grupos parlamentares por parte do consello regulador do mexillón, garantindo os mecanismos para trasladar o Parlamento e a Comisión Europea, a decisión inequívoca do goberno de garantir a correcta etiquetaxe dos produtos agroalimentarios do noso país, garantindo que na información o consumidor se recolla de forma clara a procedencia do produto polo que acorda asumir as seguintes propostas sobre a normativa europea:

A.- Modificación do Regulamento de execución (UE) 404/2011 da comisión:

1) O Apartado 12 do artigo 67, propondo a substitución polo seguinte texto “ 12 A información indicada nas letras a) e h) do artigo 58, apartado 5 do Regulamento de control non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura c)ombinada, agás os produtos da subpartida 160553(mexillón (Mytilus ssp. Prna spp.e 16055900, os demais.”

2) O apartado 5 do artigo 68, substitúese polo seguinte texto:

“5. O presente artigo non se aplicará aos produtos da pesca e da acuicultura incluídos nas partidas arancelarias 1604 e 1605 da Nomenclatura Combinada, agás os produtos da subpartida 160533 (mexillóns (Mytilus ssp., Perna spp) e 16055900, os demais.”

B) O parágrafo introdutorio do apartado 1 do artigo 35 do Regulamento (UE) 137972013 , do Parlamento Europeo e do Consello , modifícase como segue:

“1. Sen prexuízo do Regulamento (UE) nº 1169/2011 , os produtos da pesca e da acuicultura enumerados nos punto a),b),c) do Anexo I do presente Regulamento e os produtos da subpartida 160553, (mexillóns (*Mytilus ssp.*, *Perna spp.*) e 16055900 os demais, que se comercializan dentro da Unión , con independencia da súa orixe ou do seu método de comercialización, poderanse ofrecer á venda o consumidor final ou colectivos unicamente cando se indique no mercado ou na etiquetaxe correspondente.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Ramón Vázquez Díaz

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 25/09/2014 10:59:24

Ramón Vázquez Díaz na data 25/09/2014 10:59:33

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/09/2014 10:59:43



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do deputado **Daniel Rodas Chapela** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a instar ao Goberno galego a tomar medidas para enfrontar a falta de actividade de embarcacións adicadas ao xeito.

Ven de publicarse a Orde AAA/1512/2014, de 30 de xullo, pola que se establece un Plan de xestión para a sardiña (*Sardina pilchardus*) das augas ibéricas dentro das divisións CIEM VIIIc e IXa, e que modifica a Orde AAA/1370/213, de 1 de xullo pola que se establece un Plan de xestión para buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste.

Conforme a esta Orde, as administracións portuguesa e española veñen de establecer o peche da pesqueira xustificándose que en base as información dispoñible xa se teñen esgotado as capturas acordadas por parte dos dous estados. Polo tanto queda pechada a pesqueira da sardiña a partir das 0:00 horas do día 20 de setembro de 2014.

Esta medida desoíu os criterios establecidos pola comisión sectorial do cerco do Consello Galego de Pesca que reclamaba medidas de xestión a través dun plan de recuperación para que as medidas non abocaran á paralización total da actividade e o amarre da flota.

Coa súa aplicación podemos comprobar como afecta por igual a tódolos segmentos da flota, esquecéndose que hai flotas que capturas grandes cardumes mentres que outras sobreviven con diminutas cantidades.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Así temos que na Galiza existe un nutrido número de pequenas embarcacións que se adican a esta pesqueira coa arte tradicional do xeito, ou do racú que no conxunto da pesqueira representa unha cantidade pouco significativa, pero que aínda que escasa, a realidade é que precisan desta especie para a súa supervivencia, polo que impedir a súa captura obriga a ter que modificar o permiso de actividade, cando para moitas destas embarcacións é a arte prioritaria da que sobreviven.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para a o seu tratamento en comisión :

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a tomar medidas para enfrontar a falta de actividade de embarcacións adicadas ao xeito, xa que dende a resolución do Magrama do 18 de setembro de 2014 prohíbese a pesca da sardiña nas zonas Ciem VIIIc e IXa.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Rodas Chapela na data 25/09/2014 13:10:53

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 13:10:59

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/09/2014 13:11:04



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á publicación do concerto entre o SERGAS e o Policlínico POVISA ás garantías asistenciais e laborais que se derivan do mesmo e á paralización do procedemento de elección de provisor de atención sanitaria especializada da poboación adscrita a POVISA.

A Área Sanitaria de Vigo está a padecer un claro déficit de infraestruturas sanitarias como demostran as intolerables listas de espera cirúrxicas e para consultas e probas diagnósticas que padecen. Nesta situación o Novo Hospital de Vigo continua a súa construción, con anos de retraso, consolidando o modelo privatizador polo que apostou a Consellería de Sanidade. Este modelo suporá perda de postos de traballo na sanidade pública e a precarización do persoal que realizará as actividades privatizadas.

O Novo Hospital será máis pequeno e non estará dotado dos recursos necesarios para atender ao 100% da cidadanía.

Ademais anúncianse máis recortes e privatizacións como a que supón sacar do Novo Hospital o Laboratorio Central e situalo no H. Meixoeiro, o que facilita a súa privatización.

Neste contexto, o SERGAS asina un novo concerto con POVISA. Un



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concerto que condicionou o deseño do conxunto da Área Sanitaria, segregando recursos da Sanidade Pública para financiar o Concerto que suporá 75 millóns de euros anuais que sairán dos impostos de tod@s @s galeg@s, aos que previsibelmente haberá que engadir outros custes como a facturación dos servizos de referencia ou o gasto farmacéutico, pagando 540 € por tarxeta sanitaria. Supón a entrega a unha empresa privada dunha parte importantísima da atención especializada do sur da provincia de Pontevedra.

Resulta do todo inexplicábel que un concerto desta cuantía económica e de tanta relevancia para a atención sanitaria de miles de persoas non se faga público e se manteña agochado por parte da Xunta.

Tras a sinatura deste concerto, o SERGAS publicou a Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada, é dicir, a cidadanía que ten de referencia para atención especializada POVISA pode elixir ter de referencia ao CHUVI.

Na citada Instrución só se recolle o prazo do 30 de novembro para solicitar a adscrición aos hospitais de referencia no CHUVI, pero non se garante unha información personalizada a cada usuaria e usuario actual de POVISA, informando da carteira de servizos de POVISA segundo se recolla no novo Concerto e das alternativas no CHUVI. Tampouco se informa de en que condicións se realizará o cambio para as e os doentes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias ou para intervencións cirúrxicas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a:

-Que faga públicos os termos do novo concerto con POVISA, xa que considera inadmisíbel que un concerto da administración pública cunha empresa privada, que custará 75 millóns de euros, permaneza agochado.

-Que defina as actuacións que ten previstas para garantir que POVISA atende @s doentes que teña asignados con ratios de calidade e de profesionais equiparables á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

-Que faga públicas as actuacións que ten previsto por en marcha para reducir as intolerables listas de espera que actualmente ten POVISA.

-Que informe @s usuari@s actualmente asignados a POVISA da carteira de servizos recollida no Novo Concerto e das alternativas no CHUVI, e en que condicións se realizará o cambio para @s doentes que están con tratamentos en marcha ou en listas de espera para consultas, exploracións complementarias, para intervencións cirúrxicas...

-Que se paralice, en tanto non se informe debidamente aos usuarios/as asignados/as a POVISA, o actual proceso posto en marcha coa Instrución 7/2014 sobre a regulación do prazo e do procedemento mediante o cal os “beneficiarios da Seguridade Social” asignados á área de POVISA poidan elixir provisor de Atención Sanitaria Especializada.

-Que adopte as medidas oportunas para impedir que POVISA continúe a despedir persoal e a precarizar as súas condicións de traballo, incluso incumprindo sentencias xudiciais, unha vez asinado o novo concerto que, como recoñece a propia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellería, garante a estabilidade da empresa nos próximos dez anos.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

María do Carme Adán Villamarín

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 16:50:22

María do Carme Adán Villamarín na data 25/09/2014 16:50:28

Daniel Rodas Chapela na data 25/09/2014 16:50:29

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o pasado día 11 de setembro, se deu conta dun informe en relación a diversos datos sobre o sector hoteleiro, en base a unha suposta “sondaxe” propia da Administración autonómica - da que non se ofrece información nin soporte documental algún -, que as cifras oficiais dados a coñecer a través do Instituto Nacional de Estatística vén a descualificar.

Así, para os meses de xullo e agosto, o sector hoteleiro alcanzou en Galicia un grado de ocupación do 48 %, moi lonxe do dato do 70 % que ofrecía a Xunta de Galicia; e igualmente ben lonxe do 70 % do grado de ocupación media que se dá no conxunto das comunidades autónomas para o mesmo período.

Os dato de viaxeiros e pernoctas hoteleiras, que son cualificados como de “históricos” pola Xunta de Galicia, non parecen merecer tal cualificativo, por canto, para o que levamos de ano 2014 (período xaneiro – agosto), veñen a ser menores que os alcanzados por exemplo no mesmo período dos anos 2008 ou 2009 e incluso (para as pernoctas) inferiores mesmo ao 2011, quedando excluído, polo seu carácter de ano xubilar, o exercicio do 2010.

Os datos do persoal empregado é para o último mes coñecido (de agosto, tradicionalmente o máis elevado do ano) de 8.395 persoas, un aumento de unicamente 63 persoas sobre o ano pasado, un cativo incremento proporcionalmente inferior ao producido no conxunto de España; e que resulta ser aínda un 10 % inferior ao que existía antes da chegada á Presidencia de Galicia do Sr. Feijoo; unha porcentaxe que mesmo multiplica por 3,5 a rebaixada producida no mesmo período no conxunto de Comunidade Autónoma.

Si atendemos aos índices de rendibilidade para o sector hoteleiro, Galicia ten un valor de 61,3 fronte ao 89,1 da media de España, producíndose unha taxa

Grupo Parlamentario

de variación anual dun cativo 0,6 %, fronte ao 4,7 % de aumento que se dá no Estado. No que respecta aos prezos hoteleiros, Galicia reflicte unha variación

anual negativa do – 1,9 %, o que contrasta co + 2,5 % de aumento que se produce no total estatal. Todo o cal fai que on ingresos por este concepto sexan proporcionalmente inferiores aos que se dan no conxunto de España.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No que respecta ao volume de viaxeiros/as a través dos tres aeroportos galegos, para o que se leva de ano 2014 (ata agosto), é dun aumento do 4 % que resulta inferior á media que se produce no conxunto do Estado e aínda resulta ser un 5,5 % inferior ao do ano 2012, fai soamente dous anos, en plena crise económica.

O turismo é un factor esencial e clave para o noso desenvolvemento económico futuro, que debe ser mellorado e promovido dende os poderes públicos, pero manipular e tentar transmitir unhas cifras “propias” por parte do Goberno autonómico para aparecer como un xestor eficiente, cando non leva a cabo ningunha actuación significativa en tal sentido, é un proceder inadecuado e impropio. Baste recordar que as dotacións orzamentarias a esta cuestión nos últimos anos, sufriron uns recortes da orde dun 50 % en relación ás existentes nos anos 2009 (último orzamento Touriño) ou incluso 2010 (primeiro orzamento Feijoo), que significaron un volume total de rebaixa de 130 millóns de euros menos para tales programas de promoción do noso sector turístico.

Por todo anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a utilizar datos o suficientemente contrastados e validados en relación ás valoracións que realiza no que respecta ao sector turístico.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

Abel Losada Alvarez

Beatriz Sestayo Doce

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu



 **Grupo Parlamentario**

Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 25/09/2014 16:56:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/09/2014 16:56:50

Beatriz Sestayo Doce na data 25/09/2014 16:56:56

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:57:03

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Acuña do Campo, Vicente Docasar Docasar, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Os recortes que está a aplicar o Goberno galego non respectan nin as necesidades máis básicas, nin sequera os dereitos máis elementais das persoas.

Nin sequera o dereito a recibir a atención sanitaria nin o dereito a educación obrigatoria van saír indemnes deste “furor recortador” co que o PP está a xestionar a crise.

E tampouco ten en conta o Goberno Feijoo á hora de aplicar recortes que estes vaian afectar directamente ás persoas máis débiles, aos anciáns e aos menores.

Con eses criterios a escolarización dos nenos e nenas con necesidades especiais está seriamente ameazada, pois as familias vense, a diario, obrigadas a escoller entre escolarizar ao menor con grave risco para a súa saúde por non dispor dos coidados precisos ou atender o coidado da saúde, renunciando para elo a súa educación.

Son moitas as patoloxías dos menores que precisan de coidados especiais que o Goberno galego lle está a negar, ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, se habiliten as medidas necesarias para poder prestar os coidados que sexan necesarios, durante o horario escolar, a aqueles menores que padezan algunha patoloxía crónica e así o precisen.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Vicente Docasar Docasar
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

 **Grupo Parlamentario**
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/09/2014 16:55:01

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 25/09/2014 16:55:08

Manuel Vázquez Fernández na data 25/09/2014 16:55:13

María Carmen Gallego Calvar na data 25/09/2014 16:55:18

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/09/2014 16:55:20

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:55:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Os e as socialistas queremos manifestar o noso compromiso firme coa loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que non é outro compromiso que o da loita por igualdade e polos dereitos humanos.

Compromiso que quedou patente co desenvolvemento do primeiro Plan integral contra a explotación e trata de persoas do ano 2008, fronte o escaso interese e actividade nestes últimos anos de gobernos populares.

Son moitas as medidas que non se están a levar a cabo polo desleixo do PP e polos recortes selectivos e ideolóxicos que esta a levar a cabo coa desculpa da crise, pero non podemos esquecer que España ten aínda un compromiso ineludible con esta loita, como se recolle na Directiva 2011/36 da Unión Europea, que debería plasmarse nunha **lei integral contra a trata de persoas con fins de explotación sexual**.

Para os e as socialistas a educación e a prevención ten que ser algo fundamental nesta loita. Para chegar a conseguir o rexeitamento social desta forma de escravitude, desta vulneración dos dereitos humanos.

As políticas públicas en materia de trata deben considerar a prevención e o factor da demanda. A trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a prostitución, son dous fenómenos que van unidos e non deben desvincularse. A trata existe porque hai unha gran demanda de prostitución, porque esta fai da trata un negocio altamente rendible para as mafias.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A prostitución non se pode regularizar, como actividade económica e mercantil, baixo o prisma de liberdade do contrato entre persoas, posto que facelo supoñería un obstáculo na loita contra a trata. Se realmente queremos acabar coa explotación sexual temos que rematar coa demanda e a tolerancia social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, de forma inmediata, unha campaña de sensibilización contra a trata das persoas con fins de explotación social.
2. Actuar e legislar para prohibir a publicidade de contido sexual vexatoria para a muller e os anuncios de prostitución.
3. Poñer en marcha, en coordinación cos concellos galegos, servizos e programas de protección social e recuperación integral das persoas que foron explotadas.

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/09/2014 16:52:11

Manuel Vázquez Fernández na data 25/09/2014 16:52:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 25/09/2014 16:52:24

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/09/2014 16:52:26

José Luís Méndez Romeu na data 25/09/2014 16:52:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás accións a realizar en favor d@s enferm@s de saúde mental.

O 10 de outubro celébrase o Día Mundial da Saúde Mental, e seguindo o chamado da OMS co seu lema “Vivindo con esquizofrenia”, quérese facer visíbel a difícil situación na que se atopan unha boa parte dos cidadáns que padecen esquizofrenia ou outro *trastorno mental grave* -un colectivo estimado nuns 75.000 galegos-, co obxectivo de alertar aos poderes públicos responsábeis, e encetar un cambio real nas súas condicións de vida. Lamentabelmente, os datos estatísticos obrigan a unha detida reflexión: unha esperanza de vida 20 anos inferior á poboación xeral; a máis alta taxa de suicidios do estado español; sete veces máis risco de sufrir desemprego; e os máis altos índices de exclusión social.

A crise económica veu actuar dramaticamente nunha dupla fronte, por unha banda, a política de recortes nos servizos públicos, nomeadamente sociais e sanitarios, conlevou o deterioro na atención especializada e na cobertura das necesidades sociais básicas destes doentes, o que condicionou unha maior morbi-mortalidade; por outra, o aumento da desigualdade e dos niveis de pobreza, tanto en intensidade –máis pobreza-, como en extensión –máis pobres, chegando a sectores cada vez máis amplos-, fixo agromar trastornos psíquicos, como expresión dos elevados niveis de sufrimento que moitas persoas están a soportar. Factores como o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desemprego, a redución da protección social e sanitaria públicas, o incremento da emigración, a perda da vivenda, máis a xeneralizada sensación de inseguridade ante o futuro, son factores que agravan unha situación, xa moi preocupante mesmo antes do comezo da crise. As persoas con *trastorno mental grave*, máis as que enferman nunha reacción ao empobrecemento, atópanse nun círculo de difícil saída: maior dano á saúde, e menos recursos para seren atendidos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, facéndose eco da petición do Movemento Galego da Saúde Mental, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza asume o compromiso de intensificar o seguimento das políticas da Xunta de Galiza neste eido e de desenvolver as iniciativas lexislativas e propostas que procedan para avanzar na concreción das orientacións antes expostas.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Instar aos poderes públicos, institucións públicas e privadas, axentes sociais e económicos, e á sociedade no seu conxunto, a asumir un compromiso real contra o estigma que sofren as persoas afectadas por trastornos psíquicos. Isto debe conlevar accións de discriminación positiva e un reflexo nos investimentos para facilitalo. En tanto que compre rematar coa discriminación social e laboral deste colectivo.

-Poñer equitativamente ao alcance de todo aquel que o precise, os tratamentos psicolóxicos e médicos, e as intervencións sociais, que teñan demostrada eficacia para mellorar o dano causado pola enfermidade mental, no



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coñecemento de que, con asistencia apropiada, actitudes solidarias e apoios axeitados, unha boa parte dos enfermos poderán desenvolver unha vida en condicións de saúde, normalidade e integración social.

-Que aumente o seu esforzo, sensibilidade e compromiso coa atención á saúde mental, e máis en particular co colectivo de persoas afectadas por un *trastorno mental grave*. Iso require, en cumprimento das orientacións dos organismos internacionais de referencia neste ámbito, a adopción urxente de accións de goberno guiadas polas seguintes orientacións:

- A atención á saúde mental debe ser prioritaria para as políticas sanitarias públicas, mediante o deseño, promulgación e aplicación de estratexias e plans específicos. Estes terán en conta o risco agravado para a saúde mental do contexto actual de crise socioeconómica. Elaboración periódica dun Plan Estratéxico de Saúde Mental.
- Reforzo da atención sanitaria ás persoas con *trastorno mental grave*, mediante as dotacións profesionais e materiais suficientes, unha organización de recursos axeitada, e a oferta de programas asistenciais específicos e eficaces. En particular no eido máis deficitario: o da atención comunitaria e da rehabilitación psicosocial. Presentación de Plans de Necesidades e Plans Funcionais para todas as áreas sanitarias para a atención dos doentes con *trastorno mental grave*.
- Potenciar as medidas de protección social ás persoas afectadas por *trastorno mental grave* e ás súas familias. Cumprimento da *Lei de Dependencia*.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desenvolver políticas activas de emprego dirixidas especificamente a promover a incorporación e sostemento na actividade laboral normalizada das persoas con *trastorno mental grave*.
- Impedir a promulgación de calquera medida legal que actúe incrementando o estigma ou diferenciando negativamente ás persoas con *trastorno mental grave*, nomeadamente as actuais propostas de reforma do Código Penal.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2014 18:00:04



Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/09/2014 18:00:10



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En cumprimento do previsto no artigo 117.3 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

- 1) Estado de execución do orzamento con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
- 2) Anexo de modificacións orzamentarias e situación dos créditos.
- 3) Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
- 4) Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
- 5) Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

A citada documentación refírese ao *segundo trimestre de 2014*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
 - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727